

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 24 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1165).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 10 de outubro e extraordinaria e urxente do 15 de outubro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(1166).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Decretos e Autos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 177/2014 P.A. Demandante: D. RICARDO MARTÍN RODRÍGUEZ. Obxecto: Desestimación presunta de responsabilidade patrimonial administrativa, reclamación do 14.11.13, filtracións de auga no local, rúa Sanjurjo Badía 148 soto /Santander 25. Expte. 8694/111. Desestímato do demandante.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 163/2013 P.O. Demandante: BANCO POPULAR E.S.A. Obxecto: Resolución do 22.3.13 do TE-A do Concello de Vigo. Requirimento de información da Inspección de Tributos. Expte. 877/111. Desestimado do recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 279/2013 P.O. Demandante: D. ODILO MÉNDEZ PIÑEIRO. Obxecto: Resolución do 25.11.2013 (confirmatoria en reposición), responsabilidade patrimonial administrativa, accidente de moto o 11.10.2011 (mancha aceite). Desestimado o recurso. Expte. 8278/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 101/2014 P.O. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 18.7.2013. Liquidación do IBI-2012. Desestimado o recurso. Expte. 8589/111.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 223/2014 P.A. Demandante: D. SANTIAGO ARENAS VILLAROEL. Obxecto: XGL 23.5.2014 (sobre alegacións do 8-1-2014). Bases específicas de 2 prazas de “Inspector Principal” de Policía Municipal OEP 2010 (esixencia de diplomatura universitaria). Declara a caducidade do procedemento. Expte. 8752/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 119/2008 P.O. Demandante: “LA VOZ DE GALICIA, S.A.”. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 12.2.2008. Reclamación patrimonial administrativa (por discriminación en relación coa publicidade do Concello). Desestimado o recurso. Expte. 4886/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 106/2014 P.A. Demandante: CONCELLO DE VIGO Obxecto: Resolución do 5.2.2014 da Consellería de M.A.T e I. Procedemento sancionador L. Augas (Plan de Emerxencia ... encoro de Zamáns). Estimado o recurso. Expte. 8524/111.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 303/13 P.O. Demandante: D. EUSEBIO MOURE DA CUÑA. Obxecto: Resolución do 14.10.2013. Reclamación patrimonial administrativa, caída na vía pública o 15.2.2013 (alcorque). Desestimado o recurso. Expte. 8356/111.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 180/2012 P.O. Demandante: Dª IRIA M. ÁLVAREZ CANELLA. Obxecto: XGL 6.3.2012 (en alzada). Procedemento selección de auxiliares da Administración Xeral (OEP-2008). Desestimado o recurso. Expte. 7417/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada do seu contido.

3(1167).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA-TEIS. EXPTE. 2490/440

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21.10.14, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-09-2014, 12-09-2014, 25-09-2014, 30-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014, 08-10-2014 e 21-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 22-09-2014, 26-09-2014, 06-10-2014, 16-10-2014 e 21-10-2014 por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: considerar como desproporcionada a oferta presentada pola UTE Construcciones Castro Figueiro SLU-ASFAGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L. A vista do informe do xefe da Area de Fomento de data 14-10-2014.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Alonso Ojeda. (expediente 2490-440), no seguinte orde decrecente:

1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L	92,90
2	UTE ACEVI S L-MONTAJES J M IGLESIAS S L	88,15
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	87,38
4	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	86,30
5	CIVIS GLOBAL, S L	84,16
6	COPCISA, S A	83,23
7	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	82,82
8	ABILLEIRA, CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS, S L	79,95
9	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L	77,27
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	75,16
11	PLYGEPE, S L	73,98
12	DESMACO, S L	72,48
13	MARCONSA	69,16
14	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESA S L)	67,06
15	HORDESCON S L	60,28
16	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	53,86
17	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	51,51

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 717,52 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(1168).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE O CAMIÑO DOS MEDIEROS E O CÑO. SOBREIRO, NO CALVARIO). EXPTE. 2517/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2014, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 25-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014, 08-10-2014, 10-10-2014 e 21-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 29-09-2014, 09-10-2014, 17-10-2014 e 21-10-2014 por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: considerar como desproporcionada a oferta presentada pola UTE ACEVI, S.L. e MONTAJES JM IGLESIAS S.L. A vista do informe do xefe da Area de Fomento de data 17-10-2014

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanizacion da praza de Martínez Garrido (entre o camiño dos medeiros e o camiño sobreiro)(expediente 2517-440), no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	90,03
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	87,19
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL	86,75
4	DESMACO SL.	85,35
5	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,85
6	ORECO SA	84,11
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	81,92
8	CONSTRUCCIONES VALE. S.L.	80,95
9	ORESAS SL	78,11
10	COPCISA, S A	77,00
11	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	75,16
12	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	74,02
13	HORDESCON, S.L.	73,66
14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	71,80
15	MONCOSA OHS, S.A.	70,03
16	CIVIS GLOBAL SL	67,85
17	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA	66,66
18	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES DEL NORORESTE SLU	66,33
19	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	61,36
20	NAROM, S.L.	57,16
21	NATURGALIA SL	53,15
22	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	43,78

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 678,86 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(1169).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE MÓNICA G.F. EXPTE. 4966/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención do 17/10/14, dáse conta do informe-proposta do 20/10/14, do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“Examinado o expediente promovido por MONICA GONZÁLEZ FRANCISCO no que se solicita a devolución de dúas fianzas de 1.200 euros cada unha delas, constituídas para responder da explotación dos kioscos nº 3 e 8 de tempada de veran 2013-2014, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a MONICA GONZÁLEZ FRANCISCO ORECO S.A. dúas fianzas de 1.200 euros cada unha delas, constituídas para responder da explotación dos kioscos nº 3 e 8 de tempada de veran 2013-2014, xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía, segundo consta en informe da Concellería de Infraestructuras e Medioambiente, de data 4 de outubro de 2014.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(1170).- ASISTENCIA DA XEFA DA OFICINA ADMINISTRATIVA DE PROGRAMACIÓN CULTURAL Á MOSTRA GALICIA ESCENA PRO” EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 14760/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/10/14, dáse conta do informe-proposta do 13/10/14, do xefe do servizo conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural e polos concelleiros de Cultura e de Facenda, que di o seguinte:

“O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Cultura e Bibliotecas se iniciase o expediente necesario para encomendar á xefa da oficina administrativa de programación cultural, a asistencia da Mostra Galicia Escena PRO que terá lugar en Santiago de Compostela os días 3, 4 e 5 de novembro de 2014.

O AGADIC organiza a Mostra Galicia Escena PRO, unha mostra para profesionais onde se exhibirán as creacións artísticas que en materia de artes escénicas, se están desenvolvendo en Galicia no último ano. Para o Concello de Vigo é fundamental asistir a esta mostra xa que o Auditorio Municipal do Concello pertence á Rede Galega de Teatros e Auditorios que xestiona a Agadic e dentro do catálogo de espectáculos que se incluírán na vindeira programación estarán incluídas

moitas destas propostas, polo que a asistencia á mostra é unha ferramenta fundamental á hora de elaborar a proposta de programación do Concello de Vigo nesta materia para o ano 2015. A mostra terá lugar entre o luns día 3 de novembro e o mércores 5. Ao empezar a mostra o luns 3 de novembro pola mañá e finalizar o mércores 5 de novembro con posterioridade ás 22 horas, autorízase a saída o día anterior, domingo 2 de novembro e o regreso ao día seguinte da finalización da mostra, xoves 6 de novembro. A organización cubre os gastos de aloxamento en habitación dobre, e no caso de asistir individualmente, se cubre parte destes gastos, polo que a funcionaria debería pagar unha mínima parte do aloxamento que subvenciona Agadic no resto. Ao non tratarse de ningún tipo de xornada, encontro, coloquio, senón unha mostra de carácter profesional, a funcionaria non consumiría crédito horario de formación.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que serían os seguintes:

- 98,73 € en concepto de tres dietas e media de manutención.
- 195,68 € en concepto de catro dietas de aloxamento.
- 200,00 € en concepto de gastos de desprazamento (kilometraxe, aparcamento, peaxes e desprazamentos por Santiago).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos C2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e da concelleira-delegada de Economía e Facenda faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 1.- Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia a Galicia Escena PRO os días 3, 4 e 5 de novembro de 2014, con saída o 2 de novembro e regreso o día 6 de novembro.
- 2.- Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desprazamentos por Santiago.
- 3.- Autorizar os seguintes gastos: 294,41 € en concepto de tres dietas e media de manutención e catro dietas de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 200,00 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".
- 4.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación 2080 5000 69 3110302692."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(1171).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "III CARREIRA POPULAR E CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ" O VINDEIRO 26 DE OUTUBRO. EXPTE. 13422/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/10/14, do director deportivo do IMD, asinado polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade deportiva CLUB ALEJANDRO GÓMEZ (G27733799) solicitou o día 11-09-14 a través do Rexistro Municipal (Doc140108401) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III CARRERA POPULAR E CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ
- Data: 26 DE OUTUBRO DE 2014
- Horario: De 10h a 13.00h.

A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a citada carreira e o canicross que terá o seguinte circuíto: Alto de San Cosme con ctra. San Cosme, Cidans, Cño. Zamáns, rotonda ctra San Cosme, con crta Ferro Vello, rúa Devesa con Fonte das Abelleiras, Facultad de Ciencias del Mar, rotonda rúa Abelleiras con rúa Galileo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Mobilidade e Seguridade.
- Protección Civil
- Limpeza.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Club Alejandro Gómez, a organizar o vindeiro domingo 26 de outubro de 2014, o evento denominado III CARRERA POPULAR E CANICROSS ALEJANDRO GÓMEZ, percorrendo polas rúas, Alto de San Cosme con ctra. San Cosme, Cidans, Cño. Zamáns, rotonda ctra San Cosme, con crta Ferro Vello, rúa Devesa con Fonte das Abelleiras, Facultad de Ciencias del Mar, rotonda rúa Abelleiras con rúa Galileo, dita proba se levará a cabo entre ás 10.00h e as 13.00horas.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

8(1172).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO CONTRA EL CÁNCER 2014” O VINDEIRO 26 DE OUTUBRO. EXPTE. 13354/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/10/14, do director deportivo do IMD, asinado polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade deportiva VIGO CONTRA EL CANCER (G27804376) solicitou o día 13-08-14 a través do Rexistro Municipal (Doc140098927) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: VIGO CONTRA EL CANCER 2014*
- *Data: 26 DE OUTUBRO DE 2014*
- *Horario: De 11h a 13.00h.*

A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a citada carreira que percorrerá polas rúas Avda de Castelao, rúa Porriño, rúa Florida, Plaza de América e volta de novo para a Avda. Castelao (os volcanes), onde se atopará a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Mobilidade e Seguridade.*
- *Protección Civil*
- *Voluntariado.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

1. *Autorizar á entidade Vigo Contra El Cáncer, a organizar o vindeiro domingo 26 de outubro de 2014, o evento deportivo denominado VIGO CONTRA EL CÁNCER 2014, esta carreira percorrerá polas rúas Castelao, rúa Porriño, Florida, Plaza de América e volta, para rematar na Avda. Castelao (Los volcanes), dita proba se levará a cabo entre ás 11.00h e as 13.00horas.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

9(1173).- BASES DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, CURSO 2014-2015. EXPTE. 16332/332.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 25.09.14 e 21.10.14, o informe de fiscalización do 17.10.14, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 14.10.14, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións da Concelleira Delegada da área de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da “Escola Oficial de Idiomas de Vigo “ (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo ben colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor currículo académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (achégase Acta da reunión do 26/06/2014 da EOIV presentada no rexistro de entrada municipal en data 02/09/2014 co nº de doc 140104461), que figura como Anexo IV nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración nas capitais do Reino Unido, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou aemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias

para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadias lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos, residencias de estudantes e familias de acollida en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LRBRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.*
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.*

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o curso 2014-2015, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV curso 2014-2015, cuxo proxecto obra no expediente 16332-332.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida con-

ta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custos, senón aqueles que se estiman dentro dos elegibles e que constan nas bases. Como límite superior das dotacións estableceuse a cantidade de 80.000 euros, con cargo á partida presupostaria 3210.489.00.10 (Becas estudos internacionais) para as bolsas "Concello de Vigo" de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV curso 2014-2015. Desta cantidade 40.000.-€ imputaranse ao vixente exercizo municipal de 2014 e o resto, 40.000.-€ con cargo ao exercizo de 2015. A contía do ano 2015 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercizo futuro.

Nº de bolsas	Destino	Distribución	Contía/bolsa euros	Importe total euros
30	Londres	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 880,00	56. 400,00
5	París	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 895,00	9. 475,00
3	Berlín	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 790,00	5. 370,00
2	Roma	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 790,00	3. 580,00
1	Lisboa	Avanzado I e II	1. 495,00	1. 495,00
1	Tokio	Intermedio I, II e III	1. 890,00	1. 890,00
1	Pekín	Intermedio I, II e III	1. 790,00	1. 790,00
43				80.000,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Berlín, Roma, Xapón e China (ciudades a concretar nestes dous últimos países), e autobús a Lisboa.
- Matrícula do curso intensivo nun centro académico homologado do país da lingua en cuestión, cun programa de clases de entre 20 e 30 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en residencias universitarias ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.
- Acompañamento de monitor para o destino de Londres, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.
- Seguro de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- ✓ Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións, en calquera dos niveis Intermedio II Avanzado I e Avanzado II dos Departamentos dos idiomas de inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma xaponés e chinés. Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- ✓ Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, nas capitais de Inglaterra, Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China (ciudades a concretar nestes dous últimos países), coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.
- ✓ A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do primeiro semestre do ano 2015.
- ✓ Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida pola Concelleira-Delegada de Educación.

Para acometer o gasto global de 80.000.-€ na convocatoria do curso 2014-2015, no orzamento municipal vixente, a partida 3210.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” dispón de contía suficiente para imputar a cantidade de 40.000.-€, e os restantes 40.000.-€ serán imputados ao exercizo de 2015, supeditado á disponibilidad orzamentaria dese exercizo futuro.

Así, á vista do anteriormente expresado, achégase o texto de Bases da convocatoria que se propón e incorpora no expediente, para que unha vez informado o expediente polos servizos municipais de Asesoría Xurídica e Intervención, se someta á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar as Bases modificadas da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” de Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o curso 2014-2015, de acordo co texto que se achega no expediente.
2. Aprobar a autorización de gasto de 80.000 euros con cargo á partida presupostaria 3210.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” para a cobertura das 43 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV curso 2014-2015. Desta cantidade 40.000.-€ imputaranse ao vixente orzamento municipal de 2014 e o resto, 40.000.-€ con cargo ao exercizo 2015. A contía do ano 2015 quedará supeditada á disponibilidad orzamentaria dese exercizo futuro.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

BASES CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, CURSO 2014-2015.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adjudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio II, Avanzado I e Avanzado II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e Avanzado II do Departamento do idioma portugués e nos niveis Intermedio I, Intermedio II e Intermedio III do Departamento do idioma xaponés e chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.

Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Roma, Berlín, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), e autobús a Lisboa.

Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa de clases de entre 20 e 30 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.

Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

Aloxamento en residencias universitarias ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.

Acompañamento de monitor para o destino de Londres, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.

Seguro de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

O programa deberá realizarse, dentro do curso 2014-2015, e nunca despois do fin do primeiro semestre do ano 2015. Non obstante, o calendario definitivo se lles comunicará aos beneficiarios por parte da EOI de Vigo.

A concesión destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, tal como dispoñen os artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
30	Londres	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 880,00	56. 400,00
5	París	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 895,00	9. 475,00
3	Berlín	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 790,00	5. 370,00
2	Roma	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1. 790,00	3. 580,00
1	Lisboa	Avanzado I e II	1. 495,00	1. 495,00
1	Tokio	Intermedio I, II e III	1. 890,00	1. 890,00
1	Pekín	Intermedio I, II e III	1. 790,00	1. 790,00
43				80.000,00 €

No caso de non cubrirense a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente a calquera das seguintes linguas estranxeiras que presenten lista de agarda: Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués.

E serán ordeadas co criterio preferencial de maior cualificación final de expediente académico dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos mencionados idiomas. No caso de

producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda de inglés, francés, alemán, italiano e portugués, cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 80.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3210.489.00.10 "Becas estudos internacionais". Desta cantidade 40.000.-€ imputaranse ao vixente orzamento municipal de 2014, e o resto, 40.000.-€ con cargo ao exercizo de 2015. A contía do ano 2015 quedará supeditada á disponibilidad orzamentaria dese exercizo futuro.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

Consonte á normativa legal vixente, a publicación das presentes bases realizarase mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra (BOP), nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello (www.vigo.org) e da EOIV, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo 2014-2015) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

CUARTA.- Beneficiarios e requisitos

1. Os beneficiarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

•Estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2014, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

•Ter a maioría de idade legal

•Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2014-2015.

IV. Ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa.

V. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI. Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións.

VII. Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII. Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os re-

quisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

QUINTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2014, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SEXTA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, 1 (11 andar), nas dependencias da EOIV, ou ben descargarlos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax ao Servizo de Educación (986.221726) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web da Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

- Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no **Anexo I**.
- 2 Fotocopias simples do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: Aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar ou certificado de estar exento emitido pola Axencia Tributaria. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle otorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 1. A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Esco-

la, e desenvolvidos nos 5 últimos anos, no idioma no que solicita a bolsa.

2. Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2014-2015.

- Fotocopia simple y completa do libro de familia ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, se é o caso.
- A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.
- Fotocopia simple do Certificado de desemprego do INEM e vida laboral que acredite esta situación.
- Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
- Declaración responsable de non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
- Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade nos cinco últimos anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante.
- No caso de que o solicitante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidan, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

SÉTIMA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos requiridos; e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos no idioma no que solicita a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada, franxas de 0,5 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco anos, contados a partir do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.
- Outorgarase 2 puntos á situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante.
- Renda per cápita da unidade familiar: ata un máximo de 4 puntos.

Aplicarase unha puntuación ponderada e progresiva en función da renda per cápita da unidade familiar, segundo o seguinte cadro, calculada esta como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o número dos seus membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas. Forman parte da unidade familiar o pai/nai, alumno/a solicitante e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de idade incapacitados xudicialmente.

A puntuación que se asignará segundo a renda per cápita exprésase na seguinte táboa:

Tramos Renda Per Cápita da Unidade Familiar	Puntuación
Ata 6.000,00.-€	4 puntos
Entre 6.001,00 e 10.000,00.- €	3 puntos
Entre 10.001,00 e 13.000,00.-€	2 puntos
Maior de 13.001,00.-€	1 punto

■ A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto
- Categoría Xeral = 0,5 puntos

■ Nembargantes, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ondeándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de máis idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

▪Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista ordenada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

NOVENA.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, Dna. Olga Suárez Alonso que actuará de presidenta; o Técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, e un funcionario/a do Servizo de Educación que actuará como secretario/a; serán vocais da mesma, a Directora da EOIV, Dna M^a Cristina González Fernández e a Vicedirectora da EOIV, Dna Alicia Gil Martínez.

Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da avaliación. Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMA.- Concesión e resolución das axudas

A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto oitavo.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, elevará á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluíra unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instructor, de conformidade co recollido na cláusula sexta, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas

2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación

3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

O prazo de resolución e notificación das bolsas non excederá de 15 días hábiles contados desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no Anexo III nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Coa finalidade de poder librar o 50% da bolsa no momento da concesión –tal e como se indica no apartado décimo segundo destas Bases-- os beneficiarios e beneficiarias deberán entregar, xunto coa aceptación expresa, un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co Programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo que figura como Anexo IV destas Bases, e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe, e cancelación antes e durante a estancia. Será responsabilidade da empresa o entidade que presta o servizo, a contratación da escola para a formación lingüística e o aloxamento en destino (agás nos idiomas xaponés e chinés), segundo o programa establecido no Anexo IV das bases. A organización dos desprazamentos a os diferentes destinos é realizada pola empresa ou entidade que preste o servizo en nome dos beneficiarios/as, actuando unicamente como intermediario entre os bolseiros e as compañías de transporte, co obxectivo dunha mellor organización loxística do desprazamento dos beneficiarios/as. Sen prexuízo do momento no que sa produza a cancelación, o beneficiario/a, deberá asumir sempre e en todo caso o importe do billete do transporte conforme ás condicións de cancelación establecidas pola/s compañía/s emisora/s do/s mesmo/s, con independencia de que os beneficiarios/as exerciten cantas accións consideren oportunas fronte ás compañías emisoras, eximindo a empresa ou entidade que presta o servizo desta responsabilidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Coa aprobación pola Xunta de Goberno Local do listado de beneficiarios/as, e a presentación da aceptación expresa do beneficiario -tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento-, poderase aboar a este, en concepto de anticipo, o 50% da contía subvencionada (ao que podería aplicarse a retención correspondente de IRPF); isto en atención ás especiais características dos destinatarios, alumnado da EOI que podería non poder afrontar o pagamento

por adiantado aos provedores deste tipo de servizos de transporte de viaxeiros e formación no estranxeiro, e, consecuentemente, a subvención perdería o seu sentido. En base ao disposto no artigo 42.2 b) do Regulamento da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios quedarán exentos da achega da garantía para este pre-pagamento.

O pagamento do 50% restante (ao que igualmente podería aplicarse a retención correspondente de IRPF) farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario antes do remate do mes de xuño do ano 2015.

No caso de que un adxudicatario definitivo da bolsa renunciase á mesma unha vez percibido algún pagamento, poderá ceder a súa praza ao seu substituto da lista de agarda (establecido conforme ao disposto na cláusula oitava das presentes Bases), mediante escrito dirixido ao Concello de Vigo e documento fidedigno que acredite a transmisión do contrato asinado co provedor do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO CUARTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2014-2015 dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, o Servizo de Educación do Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude por parte do alumnado da EOIV leva implícita a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa inclusión e publicación na citada páxina web ou nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás bolsas concedidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a bolsa ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non entanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, respectarase o carácter confidencial da información dos beneficiarios á que se teña acceso como consencuencia da concesión das bolsas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases desta convocatoria.

DÉCIMO SEXTA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

ANEXO I SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO-EOIV (CURSO 2014-2015).
--

1	DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE									
PRIMEIRO APELIDO:					SEGUNDO APELIDO:					
NOME:										
ENDEREZO					NÚM.	PISO	BLOQUE	C.P.		
POBOACIÓN:					PROVINCIA:					
DATA DE NACEMENTO		SEXO		DNI / NIE		LETRA	PASAPORTE			
		Home		Muller						
TELÉFONO FIXO:					TELÉFONO MÓBIL:					
E-MAIL SOLICITANTE:										
2	DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A									
LINGUA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI:							NIVEL:			
IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA: (Risque cun X o idioma que proceda)										
INGLÉS	ALEMÁN	FRANCÉS	ITALIANO	PORTUGUÉS	XAPONÉS	CHINÉS				
CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NO IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA, QUE FIGURA NA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DA EOIV:										
3	DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (Táchese o que proceda)									
É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL:						SI		NON		
ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO:						SI		NON		
FAMILIA NUMEROSA:				ESP		XER		NON		
4	ACHEGA DOCUMENTACIÓN (Risque cun X o que proceda)									
2 Fotocopias do DNI, autorización de residencia ou pasaporte en vigor.										
Copia do Libro de familia ou documentación acreditativa familia numerosa, se é o caso.										
Certificación académica orixinal emitida pola EOIV conforme ao disposto na Base 6ª										
Copia da última declaración da renda ou certificado de estar exento, se é o caso										
Certificación desemprego INEM e vida Laboral										
Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante										
Outros. Especificar:										

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Concello de Vigo curso 2014-2015, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 2014

Sinatura do/a solicitante

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL

Con motivo da solicitude de participación na convocatoria das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Curso 2014-2015, dou expresamente o meu consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 20.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información en relación co cumprimento das miñas/nosas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Nome e Apelidos do/a solicitante	DNI / NIE	Sinatura

Solicita, segundo o establecido na convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo”, para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Curso 2014-2015; que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2014

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO

**ALUMNO/A NO MARCO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA
OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2014-2015**

Don/dona:
Con enderezo en:
Código postal:
Concello:
co NIF nº:
<p>Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no curso 2014-2015</p> <p>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:</p> <ul style="list-style-type: none">•Que non ten concedida durante o ano 2014 ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.•Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.•Que non ten sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV nas anteriores edicións.•Que non ten gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade. <p>E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.</p> <p>Vigo,.....de.....de 2014</p> <p>(sinatura do alumno/a)</p>

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA “CONCELLO DE VIGO” CONCEDIDA PARA

ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2014-2015.

Datos do solicitante:

Nome:

1º Apelido:

2º Apelido:

NIF:

ACEPTACIÓN DA BOLSA	RENUNCIA Á BOLSA

ACHEGO:

Contrato asinado cunha empresa que presta integramente o servizo necesario para o cumprimento do programa de estancias Lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente, para participar da bolsa "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV, curso 2014-2015.

Asemade, dou a miña conformidade a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Vigo , de do 2014

Sinatura do beneficiario/a

ANEXO IV

PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.

(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. CURSO 2014-2015)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (acta EOI de Vigo 26/06/2014):

Características xerais do Programa de Formación: Constará dos seguintes termos.

1. Curso de lingua:

- o **Duración do Curso:** 2 semanas.
- o **Número mínimo de leccións a semana:** 15 leccións / semana.
- o **Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- o **Numero máximo de estudantes por aula:** 15 alumnos.
- o Profesorado Nativo na lingua de destino.
- o Realización de Test de nivel.
- o Diploma acreditativo
- o Características dos centro de estudos:
 - Acreditación dos centros de estudo: Os centros de estudos deben de estar acreditados. No caso de Inglaterra debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes por algún organismo nacional ou internacional.
 - A ubicación: No centro das cidades de destinos ou cerca da cidade.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento: O aloxamento dependendo do destino, poderá ser:

- o En residencias de estudantes.
- o En apartamento compartido.
- o En casas convivindo con familias do país (en habitación individual).

A razón primordial que xustifica a recomendación de que se inclúa o necesario compromiso dos posibles beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo 2014-2015", de contratar cunha empresa ou entidade cualificada e especializada, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV); está baseada na experiencia práctica da EOIV na posta en marcha de iniciativas semellantes, e na información extraída da positiva avaliacións das edicións anteriores destas axudas municipais.

Entendemos que para cada beneficiario/a resulta unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que sen dúbida algunha se garante unha xestión máis efectiva e eficiente, recurrido a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e na mobilidade noutros países co obxectivo de acceder a o coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa Formativo: Características Específicas

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
---------	-----------------	----------

Londres	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación (individual / dobre compartida) e baño (individual/compartido) e sen comidas.	30
París	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.	5
Berlín	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual/dobre con baño compartido e sen comidas.	3
Roma	Apartamento/Piso compartido con habitación individual/dobre e cociña compartida e sen comidas.	2
Lisboa	Habitación individual con familia, almorzo incluído, cuarto de baño compartido, espazos comúns, cociña non incluída ou en residencia de estudantes ou apartamento compartido, habitación (individual/dobre compartida) e baño (individual/compartido) e sen comidas.	1
Tokio	Por conta do bolseiro/a	1
Pekín	Por conta do bolseiro/a	1

Total Bolseiros: 43

Características Destinos / Estancias:

Inglaterra:	Londres	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Londres Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes	
Outros datos de interese:	<ol style="list-style-type: none"> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council, membro do English UK). 	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación (individual / dobre compartida) e baño (individual/compartido) e sen comidas.	
Situación:	Deberá estar ben comunicado ca escola.	
Total Bolsas		30

Francia:	París	
a. Características del curso:		
Ubicación:	París Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana	

Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudiantes por aula:	15 estudiantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel e Diploma Acreditativo 2. A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
Total Bolsas	
5	

Alemania:	Berlín
a. Características del curso:	
Ubicación:	Berlín Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 24 leccións / semana
Duración 1 lección	45 minutos
Nº máximo de estudiantes por aula:	15 estudiantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual con baño e cociña compartida e sen comidas.
Situación:	Céntrico e ben comunicado ca escola.
Total Bolsas	
3	

Italia:	Roma
a. Características del curso:	
Ubicación:	Roma Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudiantes por aula:	14 estudiantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 2. A Escola deberá estar acreditada (ex: Membro da EAQUALS, de ELITE ou de ASILS).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Apartamento/Piso compartido con habitación individual e con zonas comúns a compartir e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
Total Bolsas	
2	

Portugal:	Lisboa
a. Características del curso:	
Ubicación:	Lisboa Centro
Duración Programa:	2 semanas

Tipo Curso:	Intensivo: Entre 20 - 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 2. A Escola deberá estar acreditada.
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Habitación individual con familia, almorzo incluído, cuarto de baño compartido, espazos comúns, cociña non incluída ou en residencia de estudantes ou apartamento compartido, habitación (individual/dobre compartida) e baño (individual/compartido) e sen comidas
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
Total Bolsas 1	

Xapón:	Destino aberto
a. Características del curso:	
Ubicación:	Destino aberto.
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Estándar: Entre 15 - 20 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Correrá por conta do bolseiro
Total Bolsas 1	

China:	Destino aberto
a. Características del curso:	
Ubicación:	Destino aberto.
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Estándar: Entre 15 - 20 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	1. Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Correrá por conta do bolseiro
Total Bolsas 1	

10(1174).- PAGO DE DIETAS AOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES, MES DE SETEMBRO 2014. EXPTE. 16383/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.14, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do

6.10.14, conformado pola concelleira-delegada de Educación e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2014, apróbase entre outros, o nomeamento de persoal adscrito ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, como Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público non Universitario (Expte 15662/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d)/ 7.1.a)/28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...” Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 01 de setembro ate o 30 de setembro dos correntes, elévanse á cantidade de 10 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 379,44.-€ (TRESCENTAS SETENTA E NOVE CON COARENTA E CATRO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no mes de setembro de 2014, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

*Zona 2.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C1
(23/09/2014) 02 X 36,72.-€ 73,44.-€*

*Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(11/09/2014) 02 X 36,72.-€ 73,44.-€*

*Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1
(08/09/2014) 01 X 39,78.-€ 39,78.-€*

*Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2
(08/09/2014 – 29/09/2014) 03 X 39,78.-€ 119,34 .-€*

*Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1
(12/09/2014) 01 X 36,72.-€ 36,72 .-€*

*Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1
(05/09/2014) 01 X 36,72.-€ 36,72 .-€*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1175).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 6445/224.

Visto o informe xurídico de data 10.10.14, o informe de fiscalización do 20.10.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 8.10.14, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

A Lei Orgánica Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero establece que as Corporacións locais organizarán os servizos de asistencia social integral que responderán aos principios de atención permanente, actuación urxente e especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente de contratación consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaria: "IV Plan de Igualdade Municipal" 23112279906, plan que xa está vixente desde o exercicio 2009 polo que se xustifica a continuidade que require a norma.

A Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e a rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas. Estes servizos mencionados complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia que xestiona o Consorcio Galego de Servizos Sociais e Igualdade conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

O obxecto do presente convenio comprende fundamentalmente o desenvolvemento dun proxecto de intervención e apoio familiar coas mulleres vítimas de violencia de xénero acollidas nas vivendas municipais de protección que permita que cando remate o período establecido de cesión da vivenda municipal, a usuaria teña conquistado ou mellorado as habilidades persoais, recursos económicos e sociais que lle permitan establecer unha vida independente e autónoma xunto cos seus fillos e fillas dependentes.

No expediente non se fai ningunha indicación sobre o enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Éste é unha das principais razóns que motivan a non cinguir concorrencia pois a concorrencia implicaría difundir máis do estrictamente necesario a existencia desta rede. Aínda que non se facilitasen os enderezos das vivendas, a concorrencia implicaría dar difusión á rede, feito que este servizo non valora nada convinte pois é pretensión é que esta rede de acollida sexa o máis "segreda" posible, ocultando a súa existencia na medida do posible, pois somos coñecedoras de que canta mais persoas coñezan a súa existencia máis doado é para os agresores coñecer os enderezos da mesma e pór en perigo ás mulleres e persoas delas dependentes. Estes mesmos motivos son os que nos aconsellan celebrar o convenio coa Asociación Mulleres Progresistas en concreto, e non con outras, pois é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten unha ampla traxectoria de traballo na cidade a prol da defensa dos dereitos da muller, ten experiencia de traballo con grupos de mulleres vítimas de violencia de xénero, desde os seus inicios; asemade, a entidade ten colaborado activamente nas accións da concellería, concretamente nas accións relativas á loita contra a violencia de xénero contempladas no planos de acción municipal de igualdade, e contan con profesionais formadas en xénero e en violencia de xénero que sempre traballan coordinadas co Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Para o servizo municipal de Igualdade estas cualidades son garantía necesaria e suficiente para levar adiante o programa coas debidas garantías de calidade e seguridade para as persoas acollidas.

Os aspectos antes mencionados levan a necesidade de propoñer o presente convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo como entidade con capacidade e ga-

rantía técnica suficiente para desenvolver o “proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas”.

Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal da entidade formado e especializado neste eido. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa e o persoal de Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por estar excluído no seu artigo 4.1.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

O orzamento total do proxecto ascende a 20.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade e que se incorpora ao expediente. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financeiro cunha achega de 18.500,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa achega de 1.500,00€, ademais do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa, ás usuarias do programa e a súa prole, sen coste algún para o Concello de Vigo, nen para as beneficiarias.

Grazas á sinatura deste convenio coa “Asociación Mulleres Progresistas”, o Concello de Vigo asumirá uns costes económicos inferiores para a execución deste proxecto; pois no caso de levalo adiante este directamente desde o Concello, sen a colaboración desta entidade, o importe do gasto sería considerablemente maior. Sirva como exemplo que os gastos dunha praza de técnico de grao medio, grupo A2, supón un gasto para o Concello de 46.667,83 €/ano.

*Grupo A2. Retribucións básicas: 12.906,52€/ano
Complemento destino: 8.672,58 €/ano
Complemento específico: 15.022,42 €/ano
Seguridade Social: 10.066,31
Total ano: 46.667,83 €/ano*

Só valorando o gasto de persoal (sen ter en conta outros gastos como os de telefonía móbil, transporte, electricidade, etc) e aplicando unha dedicación de media xornada a este proxecto, o gasto estimado para as arcas municipais suporía 23.333,92 €/ano, sensiblemente superior ao importe de 18.500 €/ano que estipula o proxecto de convenio que se propón aprobar.

O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 18.500,00 € para a execución do proxecto obxecto deste convenio, que fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2015.

Previos os preceptivos informes de Asesoría xurídica e Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar

coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 18.500,00€ (dezaoito mil cincocentos euros) distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2015 para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLE-
RES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E
APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION
PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil catorce,

REUNIDAS:

Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de representante do Excmo. Concello de Vigo,

Doutra Dª Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Polcarpo Sanz, 10-2ºB, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e tres vivendas de protección municipais. Estes dous servizos compléméntanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola "Asociación Mulleres Progresistas de Vigo", esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por quedar excluído no seu artigo 4.1.

OITAVO.- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

SEGUNDO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- *Deseñar e implementar os itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas.*
- *Visitar periódicamente ás usuarias e persoas delas dependentes durante o tempo que residan nas vivendas de protección.*
- *Actualizar o libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.*
- *Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección.*
- *Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.*
- *Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.*
- *Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.*
- *O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.*
- *A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s , en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións.*
- *Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada polas traballadoras ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade*
- *A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.*
- *A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo facilitará á Concellería de igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual.*

***TERCEIRO.-** O presente convenio de colaboración estará vixente desde a data da sinatura por ambas as dúas partes e ata o día 31 de outubro de 2015, sen que poidan existir prórrogas, tanto expresas como tácitas do convenio.*

***CUARTO.-** O orzamento total do proxecto ascende a 20.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade e que se incorpora ao expediente. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financiarlo cunha achega de 18.500,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa ache-*

ga de 1.500,00€, ademáis do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa, ás usuarias do programa e a súa prole, sen coste algún para o Concello de Vigo, nen para as beneficiarias.

O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 18.500,00 € para a execución do proxecto e servizo obxecto deste convenio, que fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2015 .

O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden por un total de 18.500 € (dezaoito mil cincocentos euros), e abonará o importe da achega en tres partes:

.- A primeira por importe de 1.000,00 € (mil euros) no mes de decembro de 2014, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

.- A segunda por importe de 8.750,00 € (oito mil setecentos cincuenta euros) no mes de xuño de 2015, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

.- A terceira por importe de 8.750,00 € (oito mil setecentos cincuenta euros) no mes de novembro de 2015, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

Os abonos realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentarán no Rexistro Xeral dirixidos ao servizo de igualdade. A xefa do servizo de igualdade informará sobre o cumprimento do convenio.

QUINTO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo deberá xustificar os pagos coa presentación de facturas e xustificantes orixinais de gastos que poden incluír, entre outros, os seguintes gastos: consumos de teléfono, luz, material funxible, salarios, formación e desprazamento do persoal adscrito ao proxecto, adquisición e reposición de axuar e equipamento da rede de vivendas, etc.

SEXTO.- A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Concelleira de Igualdade, a presidenta da asociación Mulleres Progresistas, a xefa do servizo de igualdade e a educadora familiar, ou persoas en quen deleguen. A dita comisión terá como funcións: o seguimento e no seu caso proposta do proxecto de intervención, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, actividades, e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMO.- Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas.

OITAVO.- A entidade Asociación Mulleres Progresistas de Vigo está informada de que os seus datos e ás da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

NOVENO.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, polo que se rexerá pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP

para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicado.

En _____ a ____ de ____ de 2014

O ALCALDE

Abel Cabellero Álvarez

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN

MULLERES PROGRESISTAS
D^a Fernanda García Collazo"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1176).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO". EXPTE. 2710/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 16.10.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 3 de outubro de 2014 aprobou o PROXECTO DE "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO", cun orzamento de base de licitación de 262.405,32 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1177).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS NOVO VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTO DE ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, MESES XANEIRO A OUTUBRO DO 2014. EXPTE. 6713/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.10.14, o informe de fiscalización do 16.10.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá do 24.09.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e pola concelleira de Economía e Facenda a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.934,35 € (catro mil cento cincuenta euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890004, denominada "Asociación Vecinos Novo Vigo", incluída no vixente orzamento municipal de 2014, a favor da entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF.- G-27771195), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo) , entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.934,35 € (catro mil cento cincuenta euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL SITUADO NA RÚA AS TEIXUGUEIRAS, Nº 11- PORTAL 6- OFICINA 9B, ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana María Castro Antonio, con DNI 44445365G, en calidade de Presidenta da Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6713/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na

dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños,

sendo a Asociación de Vecinos Novo Vigo unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade "Asociación de Vecinos Novo Vigo", entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interés, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución do concelleiro delegado da Área, de data 08/06/12, a Asociación de Vecinos Novo Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1163/12 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, veciñais e culturais, planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13 de xuño de 2014 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), na aplicación orzamentaria nº 9240.4890004, denominada "Asociación Veciños Novo Vigo".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Vecinos Novo Vigo para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Exposición do Grupo Artístico Temare
- Nadal en Navia
- Entroido en Navia
- Navia parque d'arte
 - Día da danza
 - Día das letras galegas
 - II Edición do festival da primavera
 - Torneos de ximnasia rítmica
 - Ruta toponimia
 - II Edición Navia Para Qued'arte
- Noite de San Xoán

- Escola de empoderamento
- Promoción do emprego
- No verán un conto- Bookcrossing
- Tarde en compañía
- Charlas

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre xaneiro a outubro de 2014, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.934,35 €.

IX.- Que a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo unha subvención por importe de 4.934,35 € (catro mil cento cincuenta euros), con cargo a aplicación orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada "Asociación Veciños Novo Vigo", do vixente orzamento municipal (2014), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro,

1. necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Vecinos Novo Vigo.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Vecinos Novo Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*

- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 5571 16 3040003517 (Abanca)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,
Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación de Vecinos Novo Vigo:
A presidenta,
Ana M^a Castro Antonio

14(1178).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTO DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL, MESES XANEIRO A OUTUBRO DO 2014. EXPTE. 6746/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.10.14, o informe de fiscalización do 16.10.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá do 24.09.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e pola concelleira de Economía e Facenda a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.723,07 € (tres mil setecentos oitenta vinte e tres euros e sete céntimos), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen

ánimo de lucro”, incluída no vixente orzamento municipal de 2014, a favor da entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* (CIF.- G-36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado na Rúa Colombia, 17- baixo (Vigo), necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 3.723,07 € (tres mil setecentos vinte e tres euros e sete céntimos).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, AXUDANDO ECONÓMICAMENTE AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL, REALIZADOS ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Julinda Cardoso Baptista, con DNI 36024754-S, en calidade de presidenta da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6746/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor

da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc.

inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da

xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais, ...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de xaneiro a outubro e necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade situado na Rúa Colombia, 17- baixo, son, segundo proxecto incorporado ao expediente, as seguintes:

PROGRAMA ACTIVIDADES 2014	
Axuda humanitaria	<ul style="list-style-type: none"> - roupeiro - doazón alimentos - axuda para Lorca
Cursos	<ul style="list-style-type: none"> - percusión e canto tradicional galego - baile de sevillanas - vainicas, calceta e ganchillo - bolillos e frivolité - estilismo, protocolo, asesoramento e imaxe - aprender a reciclar - bordado - psicoloxía
Outras	<ul style="list-style-type: none"> - festas: Rocío, Carnaval, San Xoán, Santos, Nadal - excursións: Rocío, Galicia e Portugal - Coro rociero "Virxen do Rocío" - xogos de mesa - reunións e charlas coloquio - exposicións

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2014, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo (Vigo), realizados entre os meses de xaneiro a outubro e necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL	
Aluguer + imposto	2.565,30 €
Limpeza	600,00 €
IBI	181,61 €
Seguro	85,97 €

Material de oficina	227,24 €
Pequeños arranxos	62,95 €
TOTAL	3.723,07 €

XI.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo non está incursa en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa

colaboración, no ámbito socioasistencial e humanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha subvención por importe de 3.723,07 € (tres mil setecentos vinte e tres euros e sete céntimos), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2014), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17- baixo, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas*

físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0531 10 3040008569 (Abanca)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude, admítense unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de
Vigo:
A presidenta,

Julinda Cardoso Baptista

15(1179).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS DE VIGO (ADIVI) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTO DE ALUGUER E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL, MESES XANEIRO A OUTUBRO DO 2014. EXPTE. 6746/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.14, o informe de fiscalización do 17.10.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 4.08.14, conformado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e pola concelleira de Economía e Facenda a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", incluída no vixente orzamento municipal de 2014, a favor da entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI).

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) (CIF.- G-36822286), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante

a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, situado na Rúa Cristo, 62- baixo (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, doutros gastos de mantemento directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 3.600 € (tres mil seiscentos euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS DE VIGO (ADIVI) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Lina Méndez Pérez, con DNI 36099385B, en calidade de Presidenta da Asociación de Diabéticos de Vigo -ADIVI- (CIF: G36822286), con domicilio fiscal en Rúa do Cristo, 62 (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6605/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á

ciudadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de diabetes, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, a entidade “Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI)”, ten, en xeral, como finalidade, a a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de diabetes e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Informar e asesorar ós socios a nivel médico, laboral, social e xurídico*
- ✓ Facilitar ó socios información sobre Diabetes*
- ✓ Informar das actividades que poidan mellorar a calidade de vida ós/ás enfermos/as de Diabetes*
- ✓ Protexer ós nenos e mozos diabéticos na súa etapa escolar e aprendizaxe profesional*
- ✓ Fomentar a creación e desenvolvemento de campamentos de verán para nenos, mozos e adultos diabéticos*
- ✓ Promover o estudio da diabetes no terreo da investigación experimental, clínica, económica e social e do seu tratamento, prestando a estes propósitos a axuda precisa*
- ✓ Colaborar non recoñecemento das diabetes ignoradas e de estados prediabéticos*
- ✓ Defender os dereitos dos diabéticos para acadar a plena integración na sociedade, proporcionando a tal fin, as asesoría precisas e os medios necesarios para elo*
- ✓ Procurar un axeitado tratamento médico dos diabéticos en todo o ámbito territorial de actuación e, a tal fin, inducir á constitución de institucións extrahospitalarias e hospitalarias precisas e adecuadas, así como, á formación específica do persoal sanitario*
- ✓ Colaborar coas administracións nos distintos niveis para a prevención e tratamento da diabetes e acadar a axuda precisa daquelas para o propio desenvolvemento de ADIVI*
- ✓ Participar e organizar todas aquelas actividades de calquera tipo (deportivas, culturais, etc...) que contribúan ó logro dos fins anteriormente mencionados e que supoñan unha axuda ó colectivo diabético*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 21/05/97, a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 520/97 no epígrafe 1.4.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13 de xuño de 2014 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), na aplicación orzamentaria nº 9240.4890002, denominada “Subvencións locais asociacións sin ánimo de lucro”.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, outros gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Ciclo de charlas-coloquios “Día a día coa túa diabete”	<ul style="list-style-type: none"> - Alimentación e diabetes - Emocións positivas. Vivir máis feliz - Aprendendo a cepillar os dentes e coidar as miñas próteses removibles - Diabetes xestacional - Exercicio físico e diabetes - Obradoiro de técnicas de inxección
Actividades de formación	<ul style="list-style-type: none"> - Cociña para diabéticos - Trallemos coas mans - Taller de etiquetado
Asesoramento individualizado a socios e novos diabéticos	

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre xaneiro a outubro de 2014, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para o ano 2014, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.022,74 €.

GASTOS DE MANTEMENTO (XANEIRO-
OUTUBRO 2014)

<i>Aluguer local</i>	2.100,00 €
<i>Electricidade</i>	500,00 €
<i>Seguros</i>	192,49 €
<i>Tributos</i>	300,00 €
<i>Mantemento extintores</i>	30,25 €
<i>Teléfono</i>	900,00 €
TOTAL	4.022,74 €

IX.- Que a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI), o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade de diabetes e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) comprométese a colaborar coa concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2014), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI).

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI), mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a*

suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos

correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifadamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5046 24 3040021405 (Abanca)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (luz e teléfono), admítense unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei

de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI):
A presidenta,

Lina Méndez Pena

16(1180).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL PRESENTADA POR D. JOSÉ LUIS AMOEDO MOREIRA EN MATERIA DE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES. EXPTE. 25422/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 21.10.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 25/06/2014 (documento nº 140078799) D. José Luis Amoedo Moreira, con nº de persoal 22.467, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, con praza de oficial de oficios e posto de traballo de xefe de equipo, adscrito ao Parque Móbil, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de recoñecemento de dereito e cantidade.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende co-responden á categoría superior de capataz, reclamando, en consecuencia, un importe económi-

co de 12.308,66 euros en concepto de presunta diferencia salarial, máis o 10% en concepto de intereses.

2.- Solicitado informe técnico, éste foi emitido en data 22/07/2014, obrando incorporado ao presente expediente administrativo.

3.- En dilixencia de data 12/08/2014 foi solicitado informe á xefatura do servizo, que foi emitido en data 15/09/2014, emitíndose novamente informe técnico en data 17/09/2014, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito e cantidade que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data 22/07/2014, no cal literalmente se sinala que:

“En data 25/06/2014 recíbese no Servizo de Recursos Humanos Doc. 140078799, de D. José Luis Amoedo Moreira, oficial de oficios deste concello con posto de traballo de Xefe de equipo adscrito ao Servizo do Parque Móbil, pola que formula Reclamación Previa de cantidades en concepto de diferenzas salariais entre as correspondentes ao seu posto de Xefe de Equipo e as do posto polas funcións que desempeña como capataz do Parque Móbil durante o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 a 9 de maio de 2014, mais os intereses de mora correspondentes.

A este respecto, pola funcionaria que subscribe infórmase que:

Por resolucións de datas 22/04/2010, 10/02/2011 e 10/08/2011 encomendouse ao xefe de equipo D. José Luis Amoedo Moreira as funcións do posto vacante de Capataz no Servizo do Parque Móbil, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

A vacante de Capataz do Parque Móbil esta incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012 (Expte 23794-220), aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2012. A referida praza de persoal laboral figura como vacante no Cadro de Persoal Municipal, equiparada ao grupo C1 de titulación.

En data 02/01/2012, solicítase novamente unha nova encomenda de funcións polo Xefe do Parque Móbil e conformado polo Xefe da Area e o seu correspondente Concelleiro-delegado, Dita solicitude foi comunicada ao Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en informe da técnica que suscribe de data 01/03/2012, sobre encomendas para o ano 2012.

En data 3 de decembro de 2012, remítese ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal, escrito do Xefe do Parque Móbil, co conforme da Xefatura da Area e do Concelleiro Delegado de data 16/11/2012, no que se reitera a petición de data 02/01/2012, para o seu coñecemento e instrucións ao respecto.

A utilización da atribución temporal de funcións poderá realizarse :

- Para a realización de tarefas que, por causa do seu maior volumen temporal ou outras razóns coxunturais, non podan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios que desempeñan con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas ditas tarefas.*
- Funcións especiais que non estean asignadas especificamente aos postos incluídos nas RPTs.*

A atribución temporal de funcións é unha figura que se enmarca dentro da potestade de autoorganización das Administracións Públicas, e esta dirixida ao cumprimento do principio de eficacia na prestación dos servizos publicos.

A Instrucción terceira sobre Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal o servizo da Corporacion e dos seus Organismos Autónomos vixente, contempla que, como complemento de produtividade aboarase "O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area.

A sua duracion deberá ser superior a un mes, tendo como limite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignacion ou mobilidade funcional de efectivos.

Non terán carácter retroactivo a efectos do aboamento do complemento de produtividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice."

En ningun caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da substitución no mesmo día no que se produza."

En consecuencia, o referido empregado municipal, para desempeñar as funcións de capataz do Parque Móbil terá que contar coa correspondente resolución na que se lle encomenden as mesmas.

No caso de así considerarse, e previo informe da Xefatura do Parque Móbil sobre:

- *A existencia de necesidades excepcionais e perentorias que deron lugar a asignación das funcións do posto de Capataz do Parque Móbil ao empregado D. José Manuel Amoedo Moreira, sen prexuízo das responsabilidades dos superiores xerárquicos en canto a asignación de funcións sen resolución expresa ao respecto polo organo competente.*
- *Que o desempeño de ditas funcións non foron ocasionais, discontinuas ou compartidas, senón que desempeñou as labores propias do posto de traballo en cuestión de xeito completo e estable.*
- *Titulación do empregado correspondente coa praza de Capataz (C1).*

A retribución que, en concepto de produtividade lle correspondería, tendo en conta as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) dos postos de Capataz Parque Móbil e Xefe de equipo de Oficios, e os períodos vacacionais, baixas por IT e permisos, ascendería a cantidade de 5.134,22€, tendo en conta as diferencias retributivas mensuais en canto a complementos de destino e específico dos postos 121 "Capataz do Parque Móbil" e 184 "Xefe de equipo oficios";, dende Xaneiro de 2012 ata abril 2014 (Diferencia retributiva mensual: 197.47€)"

En novo informe de data 17/09/2014, a Técnica de Avaliación e Formación informa que:

"En data 25/06/2014 recíbese no Servizo de Recursos Humanos Doc. 140078799, de D. José Luis Amoedo Moreira, oficial de oficios deste concello con posto de traballo de Xefe de equipo adscrito ao Servizo do Parque Móbil, pola que formula Reclamación Previa de cantidades en concepto de diferencias salariais entre as correspondentes ao seu posto de Xefe de Equipo e as do posto polas funcións que desempeña como capataz do Parque Móbil durante o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 a 9 de maio de 2014, mais os intereses de mora correspondentes.

A este respecto, pola funcionaria que subscribe infórmouse ao respecto en data 22/07/2014.

Solicitado informe a Xefatura do Parque Móbil, esta, en data 15/09/2014 informa que D. José Manuel Amoedo Moreira desenvolveu as funcións de Capataz de dito servizo, a tempo completo, dende o 01/01/2012 ao 09/05/2014, debido a necesidades excepcionais e perentorias no Servizo.

En canto a titulación académica do empregado, non consta no expediente persoal de D Jose Luis Amoedo Moreira, titulación requirida para o subgrupo C1, se ben entendese de posible aplicación a Disposición adicional novena do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Admon Xeral do Estado, toda vez que, dende o ano 1990, o empregado municipal esta a prestar os seus servizos como oficial mecanico ata o 20/02/2007 e dende dita data e ata a actualidade como xefe de equipo, ambos postos encadrados no Grupo C2 de titulación."

Do contido dos citados informes despréndese que as funcións que o reclamante manifesta ter realizado e que encadra en funcións de categoría superior, deberían terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Circunstancia que, tal e como se indica nos informes técnicos obrantes no expediente administrativo, unicamente tivo amparo administrativo durante o tempo en que permaneceron vixentes os actos administrativos autorizatorios das encomenda de funcións efectuadas a favor do reclamante (resolucións de datas 22/04/2010, de 10/02/2011 e de 10/08/2011, segundo informe técnico de data 22/07/2014).

A circunstancia invocada polo responsable do Parque Central de que o reclamante desenvolveu as funcións obxecto de reclamación non pode ser admitida, toda vez que resulta responsabilidade do xefe/a do servizo ou unidade a xestión eficiente dos efectivos ao seu cargo, incorrendo en responsabilidade en caso de permitir que un efectivo desenvolva unhas funcións para o exercicio das cales non consta a preceptiva autorización administrativa, e que se basean nunhas presuntas necesidades do servizo “excepcionais e perentorias” (vid. informe do servizo de data 15/09/2014) que en ningún suposto se concretan, identifican nin acreditan.

Podería o responsable acudir a outros figuras legalmente previstas ao efecto, tales como a reasignación de efectivos ou ao reparto das cargas de traballo dentro da unidade, que non constan se teñan avaliado previamente.

III.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada por D. José Luis Amoedo Moreira, empregado

público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, con praza de oficial de oficios e posto de traballo de xefe de equipo, adscrito ao Parque Móbil, en escrito de data 25/06/2014 (documento nº 140078799) nos termos dos informes técnicos emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e Xefatura do Parque Central, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1181).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 25725/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 8 de outubro de 2014, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrucción 3ª sobre plantilla e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servicios como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridad da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requerirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,82€ hora normal e de 7,41 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.840,12 €.*
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.905,01€.*

O importe deste expediente ascende a un total de 3,745,13€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.150.00.00 -productividade-, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de Gastos.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concurrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó terceiro trimestre do presente ano 2014, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 8 de outubro de 2014:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.840,12 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.905,01 €.

O importe total deste expediente, que ascende a un total de 3,745,13€, imputarase con cargo a partida 922.0.150.00.00 -productividade-, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de Gastos.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1182).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN (VÍAS E OBRAS), CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. NÚM.: 25741/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Area, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Setembro de 2014. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

A instrución terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderán recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 25393/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade e como retribución variable con cargo a aplicación orzamentaria 92201500000, xa que unicamente afectaría ao persoal que está a integrar as brigadas de pavimentación e .

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 92201500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Vías e Obras que figura na relación que se achega e que comencan por don Miguel Angel Alonso Cue e remata por don Rodrigo Rodríguez Rocha, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-2014 e que ascenden a un total 479,88 €, con cargo ao RC nº 27327 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1183).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN (PARQUE MÓBIL), CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. NÚM.: 25742/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do Parque Móbil, co conforme do Xefe da Área de Fomento e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente aos mes de Setembro de 2014. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

A instrucción terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 25393/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 92201500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o servizo do Parque Móbil que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don Manuel Alonso Iglesias e rematan por don Juan A. Martíns Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-2014 e que ascenden a un total 39,06 €, con cargo ao RC nº 27327 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1184).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. NÚM.: 25746/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Setembro de 2014, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

A instrucción terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes.

O Servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte com periodicidade e non se autorice día a día.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,

de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencian por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-2014 e que ascenden a un total 444,38 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1185).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. NÚM.: 25747/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 01/10/2014, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Setembro 2014 así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,

O persoal relacionado no expediente atopase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

A xustificación do aboamento , en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do negociado de cemiterios de data 01/10/2014 figura relación as datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de setembro de 2014, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e no previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ao traballador que figura na relación que se achega, don Gumersindo Manuel Rosende Ríos, por importe de 552,70 €, correspondente ao mes de Setembro-2014, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1186).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. NÚM.: 25748/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos do 16.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese escrito da xefa de negociado do servizo de Cemiterios en data 04/10/2014, co visto e praxe da Concellería delegada da Área, relacionando o persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Setembro de 2014, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

As vixentes instruccións de plantilla, recollen no seu apartado terceiro d) que se aboará con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3’64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito do Servizo de data 04/10/2014 realiza a súa actividade laboral en reximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañan de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h)

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboaranse os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Setembro de 2014, e que ascenden a un total de 819,00 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1187).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE DNA. M^a DOLORES MONTENEGRO GREGORIO AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO ALGUACIL-NOTIFICADORA, CON DATA DE EFECTOS DE 19.10.2014. EXPTE. 25765/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 16.10.14, conformado pola xefe do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 16 de outubro de 2014, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D^a. M^a Dolores Montenegro Gregorio (doc. 140124707) como alguacil-notificadora por acumulación de tarefas.

A interesada foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses con data 05/05/2014 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2014, como alguacil-notificadora.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 29 de xullo de 2014, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 16 de outubro de 2014 por D^a. M^a Dolores Montenegro Gregorio, con DNI 36.134.169-L, nº de persoal 82403, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como alguacil-notificadora, con efectos do día 19 de outubro de 2014, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Conserxería, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 20.10.14, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

24(1188).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. EXPTE. 90060/210.

Visto o informe de fiscalización do 1.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 16.10.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CIF P-3600009-I constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400052900 de data 18/07/14, para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración da FESTA NA NONRA DE SANTIAGO APÓSTOLO DE BEMBRIVE realizada en datas 22,23,24 E 25 de xullo en Bembrive.

En data 31/07/14 , a ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CIF P-3600009-I número de documento 140094554 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 18 de agosto de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 01/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

DEVOLVER a ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CIF P-3600009-I , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posibles danos con motivo da celebración da FESTA NA HONRA DE SANTIAGO APÓSTOLO realizada en datas 22,23,24 E 25 de xullo en Bembrive , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA. DAS NEVES A GUÍA. EXPTE. 90234/210.

Visto o informe de fiscalización do 1.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 16.10.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUÍA CIF G 36731404 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400053876 de data 22/07/14, para responder dos posibles danos

que se derivasen da celebración da festa na honra da nosa sra da Guía e da Sardiña realizada en datas 3 ao 5 de agosto na carballeira da Guía.

En data 14/08/14 , a COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUIA CIF G 36731404 número de documento 140099323 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 03/09 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 01/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a COMISIÓN DE FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUIA CIF G 36731404, a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da FESTA NA HONRA DA NOSA SRA DA GUIA E DA SARDIÑA realizada en datas 3 ao 5 de agosto na carballeira da Guía , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO. EXPTE. 89975/210.

Visto o informe de fiscalización do 1.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 16.10.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO CIF G 36659563 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400050907 de data 07/07/14, para responder dos posíbeis danos que se derivasen da celebración da FESTA NA HONRA DE SANTA BAIA realizada en datas 12 e 13 de xullo en Alcabre.

En data 22/07/14 , a AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO CIF G 36659563 número de documento 140091383 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 18 de agosto de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 01/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO CIF G 36659563 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da FESTA NA HONRA

DE SANTA BAIA realizada en datas 12 e 13 de xullo en Alcabre , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS. EXPTE. 90453/210.

Visto o informe de fiscalización do 10.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 17.10.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS CIF G 36790228 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400060639 DE DATA 25/08/14 , para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración da festa na honra da VIRXE DOS AFRIXIDOS realizada en datas 4 AO 8 DE SETEMBRO do ano en curso na parroquia de Zamáns.

En data 12/09/14 , a COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS número de documento 140108701 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 17/09 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 10/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

DEVOLVER a COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS CIF G 36790228 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posibles danos con motivo da celebración das FESTAS na honra da virxe dos afrixidos realizada en datas 04 ao 08 de setembro na parroquia de Zamáns , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) A. SOCIEDADE DE FESTAS DO CARME DO VAO. EXPTE. 90274/210.

Visto o informe de fiscalización do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 17.10.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a ASOCIACIÓN SOCIEDADE DE FESTAS DO CARMEN DO VAO CIF G 36723229 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201200043857 DE DATA 10/07/12 , para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración da festa na honra da nosa DA VIRXE DO CARMEN realizada en datas 14,15 E 16 DE XULLO no Vao en Coruxo.

En data 08/0//14 , a SOCIEDADE DE FESTAS DO CARMEN DO VAO número de documento 140097568 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 18/09 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 08/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a ASOCIACIÓN SOCIEDADE DE FESTAS DO CARMEN DO VAO CIG G 36723229 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posibles danos con motivo da celebración da festa na honra da Virxe do Carmen realizada en datas 14,15 e 16 de xullo no Vao en Coruxo , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1189).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.718,29 € A FAVOR DA FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESÁN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NOS ESPAZOS DE TEMPO LIBRE DE CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA- SETEMBRO 2014. EXPTE. 4300/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.10.14, o informe de fiscalización do 17.10.14, dáse conta do informe-proposta proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 9.10.14, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenvolvemento dunha serie de aptitudes (cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.

Na actualidade nestes espazos desenvólvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo (pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións, saídas á natureza, participación en concursos (comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes.

Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seus fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado (monitores de ocio e tempo libre) de xeito que

poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.

A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008 , finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.

O día 10 de maio do ano 2012 a Concelleira Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.

Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concellería Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.

O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de dúas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de inicio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o seu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servicios Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.

Dado que as actividades que se desenvolven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que “ si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de decembro, procede modificar a denominación de ditos centros”, esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil (expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.

Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.

Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.

Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que sen ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.

Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.

Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 continua prestando o servizo e presenta con data 30 de setembro de 2014 a factura nº B/0022/14 por importe total de 13.718,29 €, en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2014.

Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0022/14 que se achega no expediente, con cargo á partida 33702279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0022/14 que se achega no expediente con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014. A Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobado a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/0022/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesán con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2014, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(1190).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISION DO "PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA". EXPTE. 13677/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.10.14, conformado polo xefe de Desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

O día 01.03.2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu iniciar a redación e tramitación, por iniciativa municipal, do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina (Castrelos) e encomendar estes traballos á Oficina de Planeamento – Xestión.

O 15.06.2012, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o nomeado Plan Especial, facéndose pública esta Decisión mediante anuncio no DOG nº. 132, do día 11.07.2012 e na páxina web da CMATI.

O día 04.02.2013, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe relativo ás IMDs de tráfico nas distintas rúas da parroquia de Santa María de Castrelos, que obra no expediente.

En sesión ordinaria do 15.03.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina, elaborado pola Oficina de Planeamento – Xestión en febreiro de 2013, abrir un trámite e información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no DOG e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia, notificar individualmente aos titulares catastrais e recabar os informes sectorias procedentes. O dito anuncio publicouse en Faro de Vigo (páx. 7) e Atlántico Diario (páx.11) o día 12.04.2013 e no DOG nº. 94 do 20.05.2013.

En data 30.07.2013, o Secretario da XMU expediu certificado acreditativo de que durante o prazo de información pública presentáronse un total de 13 alegacións (a última fóra de prazo). Incorporouse ao expediente unha copia do escrito presentado o día 21.03.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130033065) pola Asociación de Afectados da Avenida Alcalde Portanet e a Asociación Ecolóxica Parque de Castrelos.

Os días 31.10.2013, 03.12.2013 e 09.01.2014, o topógrafo municipal emitiu os informes que obran no expediente.

O día 01.10.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140117223) o oficio do 25.09.2014 do Subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando traslado do informe favorable emitido nesa data pola Directora xeral do Patrimonio Cultural, vista a versión V.2, redactada polos servizos técnicos municipais na que se recollen as correccións derivadas do período de información pública e da incorporación das medidas protectoras e correctoras recollidas no informa desa Dirección xeral do Patrimonio Cultural de data 18.11.2013.

A versión V2 do plan especial, sometida a aprobación provisional, redactouse en febreiro de 2014 incorporando as modificacións operadas no documento pola consideración das rectificacións requiridas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como do estudo e proposta de estimación dalgunhas das alegacións presentadas. Non obstante, o informe de contestación de alegacións revisouse e asinouse en outubro de 2014, unha vez recibido o informe sectorial favorable.

O día 13.10.2014, os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron informe relativo á calidade técnica e legalidade do documento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)*

- *Lei 8/2013, de 26 de xullo, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*
- *Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)*
- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)*
- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística*
- *Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)*
- *Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*
- *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*
- *Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)*
- *Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia*
- *Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras*
- *Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras*
- *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)*
- *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)*
- *Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias*
- *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*

- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.Ámbito do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina

O Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina abrangue o ámbito delimitado nos planos de ordenación Series 1 e 2 do PXOM/08, cunha superficie total de 116.931 m², no que se inclúen o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes B22 Monte da Mina (61.055 m²) e a contorna inmediata do Centro Parroquial de Santa María de Castrelos (55.876 m²) apoiado na rúa Mestres Goldar (na parroquia de Castrelos). Na normativa do Plan Especial apórtase a xustificación concreta dos axustes efectuados na súa delimitación (planos de información I-01 e I-02). O seu obxectivo xeral é do establecer o deseño dunha estratexia de actuación común sobre o Sistema Xeral e a contorna do Centro Parroquial de Castrelos, mellorando as condicións de acceso dende o Parque de Castrelos.

Ten o carácter dun plan especial previsto no PXOM/08 para a asegurar a protección, conservación, catalogación, mellora e posta en valor do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, a preservación do medio ambiente, da paisaxe e o patrimonio cultural e inclúe un catálogo, consonte o artigo 75 da LOUGA, que ten por obxecto complementar ao previsto no PXOM vixente. Tamén desenvolve a ordenación do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes SX/EL-ZV/B11 do PXOM/08, así como a integración das dotacións locais localizadas no cumio do Monte.

III.Resultado do trámite de información pública: informe de alegacións

Segundo consta na certificación expedida polo Secretario da XMU o día 30.07.2013, durante o trámite de información pública presentáronse 13 escritos de alegacións (a última é extemporánea) que foron obxecto de contesntación no informe asinado polos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión o día 13.10.2014, xunto coa alegación extemporánea presentada o día 21.08.2013 no Rexistro xeral da XMU. Todas elas examínanse a continuación, nos termos informados polo equipo redactor no dito informe asinado en outubro do 2014.

-Alegación presentada por D^a. Justa García Pérez no Rexistro xeral da XMU o día 08.05.2013 (doc. 130051462).

Contido da alegación: Solicita cambio de dirección de correo a efectos de notificacións.

Informe: Non se trata, en puridade, dunha alegación ao Plan Especial, senón dunha comunicación da interesada. Infórmase que as notificacións practicadas neste expediente efectuáronse conforme ao artigo 86.1.a) da LOUGA, aos titulares catastrais do ámbito, segundo os datos de titularidade e domicilios que figuraban no Catastro do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) no momento da notificación. Neste caso, comprobouse que a dirección comunicada pola interesada resulta coincidente con aquela á que se lle remitiu a notificación prevista no dito artigo 86.1.a) da LOUGA.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación exclusivamente no senso de tomar coñecemento da información facilitada pola interesada.

-Alegación presentada por D^a. M^a. Ángeles García Crispín no Rexistro xeral da XMU o día 10.05.2013 (doc. 130053110)

Contido da alegación: Solicita a corrección dos datos de propiedade da parcela n.º 55 (ref. catastral 2932955NG2723S)

Informe: Non se trata dunha alegación propiamente dita ao Plan Especial, senón dunha comunicación da interesada. Infórmase que as notificacións practicadas neste expediente efectuáronse conforme ao artigo 86.1.a) da LOUGA, aos titulares catastrais do ámbito, segundo os datos de titularidade e domicilios que figuraban no Catastro do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) no momento da notificación. Polo tanto, sen prexuízo de que se tome coñecemento do comunicado pola interesada aos efectos de considerala en futuras actuacións neste ámbito, deberá notificarselle que deberá corrixir os seus datos de titularidade e domicilio no Catastro do IBI, aportando a documentación que se requira.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación aos exclusivos efectos de tomar coñecemento da información facilitada pola interesada e comunicarlle que os titulares catastrais deberán de colaborar co Catastro Inmobiliario para garantir a actualización permanente dos datos obrantes no mesmo.

-Alegacións presentadas por D^a. Felisa Antonia Silveira Pérez no Rexistro xeral do Concello de Vigo o día 11.05.2013 (doc. 130053683 e doc. 130053684) e por D^a. Felisa F. Carrera Silveira no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 130052685).

Contido da alegación: Infórmase conxuntamente con fundamento no alegado. 1^a/ Desconformidade co Plan Especial por vulneración da LOPMRG, 2^a/ A parcela da súa propiedade non ten que ver co Monte da Mina nin está incluída no ámbito (5^a de D^a. Felisa F. Carrera Silveira), 3^a/ Erro no Camiño que figura no parcelario polo lindeiro norte con fronte a Rúa do Pazo 72, xa que é un camiño privado (2^a de D^a. Felisa F. Carrera Silveira), 4^a/ A súa parcela é solo urbano consolidado (D^a. Felisa Antonia Silveira Pérez alega tamén que a súa vivenda non está na zona de protección GA36057014); 6^a/ Erro na parcela colindante de Rúa do Pazo 72 que figura sen uso cando ten uso residencial. D^a. Felisa F. Carrera Silveira destina o terceiro apartado da súa alegación a amosar desconformidade cun vial proxectado. Cada unha delas solicita a exclusión do ámbito das parcelas das súa propiedade.

Informe: 1^a/ A alegación de vulneración da LOUPMRG non se fundamenta en ningún precepto legal. O Plan Especial que se tramita precisamente desenvolve as determinacións da LOUPMRG e do PXOM de Vigo en vigor. O artigo 69.4 da LOUPMRG (LOUGA na terminoloxía empregada no Plan Especial) permite que o Plan Xeral remita a ordenación detallada do Solo Urbano Consolidado a un Plan Especial de Protección. O PXOM de Vigo, efectuou a remisión da ordenación detallada deste ámbito a un Plan Especial que, e así se explica no punto 1.3 da Memoria Informativa do PEP, ten a consideración por unha banda de Plan Especial para a execución e ordenación detallada dun sistema xeral (tal como prevé o artigo 109.5 da LOUGA) e, por outra banda, define a protección e leva a cabo a ordenación detallada dunha parte de solo urbano consolidado (artigo 69.4 da LOUGA).

2^a (5^a para D^a. Felisa F. Carrera Silveira)/ A inclusión parcial ou total das parcelas propiedade das alegantes (parcelas P-8 incluída parcialmente, parcela P-9 completa, parcela P-10 incluída parcialmente e parcela P-11 completa) no ámbito do Plan Especial está fóra de toda dúbida. Como pode comprobarse pola simple observación das follas da cartografía do PXOM 13-K e 13-L da serie 2 de ordenación (reproducido no plano informativo I-02 do propio Plan Especial) existe unha liña descontinua a trazo e punto que na cartela de simboloxía se explica que corresponde a DELIMITACIÓN DE PLANS ESPECIAIS. Igualmente no interior dese recinto delimitado rotúlase por dúas veces PEP MONTE DA MINA. A dita liña descontinua divide a parcela catastral 2734908NG2723S en dúas porcións, unha interior ao ámbito do Plan Especial, que se denomina da parcela P-8, de 388 m², e outra exterior de 358 m², considerada Solo Urbano non consolidado incluída no APR A-4-62 PAZO. Na ficha do sistema xeral SX/EL-ZV/B11MONTE DA MINA do PXOM, cuantifícase en 61.005 m² a superficie do Sistema Xeral, engadindo no punto 3 de Obxectivos: "Este Plan Especial desenvólvese no ámbito expresamente delimitado nos Planos de Ordenación (serie 01 e 02),


abranguendo a extensión do SX EL-ZV MONTE DA MINA e o entorno inmediato do Centro parroquial de Santa María de Castrelos, apoiado na rúa Mestres Goldar". O ámbito delimitado é maior que o sistema Xeral e mide unha superficie total de 116.931 m², abranguendo a extensión do Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes B11 Monte da Mina (61.055 m²) e a contorna inmediata do Centro Parroquial de Santa María de Castrelos (55.876 m²) apoiado na rúa Mestres Goldar, ámbito pertencente á parroquia de Castrelos.

En efecto, como indica a alegante o API-50 GALINDRA está excluído do ámbito do Plan Especial por decisión do PXOM de 2.008, e se corresponde co PERI da UA6 Galindra, aprobado definitivamente o 25/03/2002 (expediente 4964/411), en desenvolvemento do PXOU de 1993, con proxecto de compensación e proxecto de urbanización tamén aprobados no 2.002 e totalmente executados.

A decisión do PXOM de 2008 de incorporar como Planeamento incorporado aquel ámbito xa executado con anterioridade e non incluílo no Plan Especial do Monte da Mina, non é susceptible de alegación neste momento nin neste expediente.

3ª/ O carácter privado ou público do camiño que separa as parcelas P-9 e P-11 da parcela P-10 non é unha cuestión que decida este PEP, polo que con independencia da súa titularidade, o PXOM definiuno como vial público fixándoselle unhas aliñacións oficiais.

Por outra banda, segundo os datos catastrais dispoñibles dito camiño non figura catastrado como de propiedade privada.



cartografía catastral

No caso de acreditarse no futuro a titularidade privada de dito camiño, de ser o caso, na tramitación do expediente de investigación patrimonial que procedera (e sen dar por suposta neste momento esa titularidade), éste debería de ser obtido para a súa incorporación ao demanio público a través dos mecanismos legalmente previstos, producíndose a dita obtención ben con motivo da solicitude de licenza, ben de convenio coa propiedade ou expropiación mediante a delimitación dunha actuación illada en solo urbano consolidado.

4ª/ A categorización como Solo Urbano Consolidado é determinación que corresponde ao Plan Xeral de Ordenación Municipal e, xa que logo, non pode ser reconsiderado nun planeamento de desenvolvemento como é este expediente. Todo o solo incluído no Plan Especial é solo urbano consolidado xa que o PXOM de Vigo así o considera. Outra cousa é a posibilidade de redactar un Plan Especial de Protección sobre o Solo Urbano Consolidado que, como se citou no punto 1º deste informe, se recolle no artigo 69.4 da LOUGA. De todo o exposto, dedúcese que non pode estimarse o alegado.

6ª (non figura a 5ª nos doc. 130053683 e doc. 130053684)/ Este apartado da alegación parece referirse á parcela nº P-9, que aínda que segundo se describe na ficha particular da parcela correspóndese cun “ Solo sen edificar, integrado na parcela 8, con obras de xardinería, muro de peche e portalón de entrada.” No Plano informativo I-06 de “Usos e tipoloxías edificatorias” trámase cunha cor marrón correspondente a parcela “sen uso”.

Dª. Felisa Antonia Silveira Pérez mostra a súa desconformidade con esa información “sen uso”: O dato é irrelevante para o resultado da ordenación e, con independencia de que se poda corrixir o dato informativo do Plano I-06 colocándolle unha trama rosa de uso residencial, non procede ningunha estimación de alegación nese senso.

PROPOSTA: Desestimar as alegacións, sen prexuízo de corrixir a trama de uso da parcela P-9 no plano informativo I-06.

-Alegación presentada por D. Pedro López Blanco no Rexistro xeral da XMU o día 20.05.2013 (doc. 130057466)

Contido da alegación: Solicita que se elimine a afectación polas aliñacións na finca de Mestres Goldar nº 21 pola existencia dunha garaxe e un muro de contención.

Informe: As aliñacións na rúa Mestres Goldar non están fixadas polo Plan Especial senón que figuran no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), como pode comprobarse nas follas de cartografía 13-K e 13-L da serie 2 do PXOM. O Plan Especial, como instrumento de desenvolvemento do PXOM que é, non pode suprimir unhas aliñacións definidas no Plan Xeral.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

-Alegación presentada por D. Santiago Pérez Bouzada, en nome e representación do Obispado de Tui-Vigo, no Rexistro xeral da XMU o día 07.06.2013 (doc. 130067680)

Contido da alegación: Solicita incluír dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Monte da Mina a totalidade da finca catastral 2734901NG2723S0001EA, de 2.456 m², e manter o uso relixioso dentro de dito ámbito para a totalidade da finca catastral.


Informe: No que se refire á a parcela catastral 2734901NG2723S0001EA o Plan Xeral de Ordenación Municipal unicamente inclúe no ámbito do Plan Especial de protección do Monte da Mina a superficie ocupada pola casa reitoral, un total de 198 m² dos 2.456 m² totais da parcela, quedando o resto de 2.258 m² categorizados como Solo Urbano non consolidado incluídos no ámbito APR A 4-62- PAZO a desenvolver mediante un PERI (Plan Especial de Reforma Interior).

Ademais, a referencia realizada polo alegante con cita do artigo 69 apartados 1 e 2 da LOUGA non é trasladable ao caso: a LOUGA refírese no dito precepto a “abarcar ámbitos de protección completos”, non, como se di na alegación, “fincas completas”, sen que tampouco proceda atribuír a un erro do PXOM de Vigo a incorporación de parte da dita catastral no citado APR A-4-62.

O PXOM, na súa interpretación do artigo 69.1 da LOUGA citado polo alegante, distinguiu dúas realidades físicas diferentes nesa finca pola súa importante extensión: a casa-torre reitoral con fronte á praza e integrada no igrexario tradicional, e a finca traseira, de maior extensión, baleira e cun carácter máis rural, incluíndo esta parte en solo urbano non consolidado do A-4-62, e determinando como ámbito de protección unicamente a casa.

O Plan Especial que se tramita é un instrumento de planeamento de desenvolvemento que non ten competencias para modificar a categorización de solo e a delimitación dos ámbitos de planeamento de desenvolvemento nin das áreas de protección.

En canto ao uso relixioso, o PXOM cualifica con ese uso aos edificios da Igrexa, a Casa reitoral e o Cemiterio. En canto ao que se pretende para o resto da finca débese informar que o uso pormenorizado que lle corresponda ao resto da finca se determinará no PERI do A-4-62 que, en todo caso, deberá cumprir as determinacións que lle fixa o PXOM na súa ficha pormenorizada de xestión. En concreto, na ficha da APR A-4-62 PAZO fíxase un aproveitamento tipo de 0,688 m²c/m²s, cun uso global característico residencial ao 100%, e especificase como obxectivo que “As zonas verdes, espazos libres e dotacións do ámbito localizaranse ao oeste do mesmo, na zona situada entre a rúa do Pazo e a rúa Corredoura de xeito que entre os espazos situados entre a igrexa de Sta. María e o Pazo de Castrelos non se dispoña edificación e se reforza a relación entre ambos elementos con espazos públicos”.



PROPOSTA: Desestimar a alegación.

-Alegación presentada por D. Jorge Groba Castro no Rexistro xeral da XMU o día 14.06.2013 (doc. 130070820)

Contido da alegación: Solicita: 1. Espazo para aparcamento de autobuses e peóns na parte inferior do camiño de Corredoura e unha beirarrúa para peóns. 2. Acceso principal ao colexio de Aspanaex polo Camiño da Corredoura ou pola subida a igrexa. 3. Un aparcamento para traballadores de Aspanaex que non invada a zona da Igrexa, cemiterio e gardería municipal. 4. Aplicación dunha normativa pretendida polo PEP no contorno da Igrexa ao edificio colindante coa igrexa, no caso de que Aspanaex solicitase unha nova licenza. 5. Que con anterioridade á concesión de calquera licenza de edificación se urbanice a rúa Mestres Goldar con beirarrúas e zonas de aparcamento coa anchura establecida no PXOM.

Informe: 1. A conveniencia de mellorar os accesos e aparcamentos ao equipamento privado de ASPANAEX resulta unha demanda totalmente razoable: a propia actividade educativa xera un tráfico peonil e de vehículos que, unido á situación e topografía da parcela, en certos momentos do día pode resultar problemática.

2. Na actualidade existe unha certa dependencia da Praza da Igrexa e de Mestres Goldar que debería se substituída (como se solicita na alegación) utilizando o acceso desde a rúa Corredoura. Proponse nese senso corruxir o acceso desde a Rúa Corredoura rematando o vial cunhas aliñacións en fondo de saco que permita o xiro en 180º antes das escaleiras da Praza da Igrexa.

3. En canto aos aparcamentos para profesores, traballadores e usuarios parece pouco apropiado situalos na vía pública na Rúa Corredoura (fronte ao Pazo de Castrelos) nin na subida do Camiño coñecida tamén como camiño da Faldriqueira, dado o obxectivo do Plan Especial de Protección de conexión visual e peonil entre o Pazo e o Conxunto Parroquial, polo que parece razoable que se resolvan no interior da propia parcela de ASPANAEX. Por unha banda o propio PXOM esixe na Ordenanza de equipamento (e así se deberá dotar nas licenzas de construción que se outorguen na parcela), unha dotación mínima de 2 prazas

de aparcamento por cada 100 m² construídos. Por outra banda, na normativa particular deste Plan (artigos 2.2.4 e 3.3.6) aclarouse que se permiten os accesos de vehículos e autobuses e polo camiño da Faldriqueira e os accesos desde esa rúa á parcela de Aspanaex.

4. A proposta de ordenación detallada contida no Plan Especial reduce a ocupación e a área de movemento da edificación do edificio de ASPANAEX situado na parte máis alta da parcela, fronte a Mestres Goldar, co obxectivo de harmonizalo co conxunto parroquial e a Praza.

O dito edificio existente queda sometido ao réxime de edificación e obras permisibles precisado no apartado 7 do artigo 3.6.3 da normativa do Plan Especial, que inclúe, para o caso de obras de reestruturación xeral, ampliación e/ou substitución da edificación, a obriga de presentar un Estudo de integración paisaxística e de someterse ao informe da Consellería de Cultura.

5. A urbanización e humanización da Rúa Mestres Goldar poderá levarse a cabo por calquera dos mecanismos legais de obtención de solo, recollidos no documento 4 de Estratexia e Estudio económico financeiro do Plan Especial, non podendo limitarse ao solicitado polo alegante. En principio con calquera licenza concedida a parcelas con fronte a esta rúa urbanizada, o propietario estará obrigado á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións definidas xa no PXOM, con independencia das posibilidades de expropiación, convenio cos propietarios ou permuta forzosa (artigos 19 e 167 da LOUGA). A execución da urbanización dependerá, en gran medida, da obtención dos terreos. Non obstante, hai que salientar que, en base ás observacións formuladas pola Consellería de Cultura (Dirección Xeral do Patrimonio Cultural) no informe recibido o 26.11.2013, débense protexer os muros tradicionais da Rúa mestre Goldar, polo que na proposta que se eleva a aprobación definitiva nese tramo central de Mestres Goldar preto á praza da Igrexa non se poderá conseguir o ancheamento previsto no PXOM, xa que os muros de cachotería tradicional existentes nese tramo da Rúa (dende o fronte á escola pública ata o cemiterio) consérvanse integrados na sección do vial.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación nos seus tres primeiros puntos no senso de rematar o acceso desde a Rúa Corredoura cun fondo de saco que permita o xiro de vehículos xunto a parte inferior das escaleiras da Praza da Igrexa, así como introducindo nas ordenanzas do Plan Especial (art. 2.2.4 e 3.3.6) precisións sobre a posibilidade de accesos de vehículos e autobuses pola Rúa Faldriqueira á parcela en Ordenanza particular AP, que deberá resolver a reserva de dotación de aparcamentos na propia parcela, segundo a Ordenanza 13 do PXOM. Desestimala en todo o demais.

-Alegación presentada por D^a. Olga Groba Castro no Rexistro xeral da XMU o día 14.06.2013 (doc. 130070821)

Contido da alegación: 1. Solicita axustar a ordenación para incluír a súa parcela en Camiño da Xiña n^o.13 na zona de ordenanza residencial. 2. Propón unha cesión voluntaria de 660 m² para vial e 787 m² para monte público, mantendo 420 m² de monte privado xunto á súa parcela.

Informe: 1. O solicitado correspóndese en realidade con determinacións propias do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que xa cualificou a parcela dentro do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, e non na zona de ordenanza residencial solicitada. Nese senso, sería unha alegación que se dirixe ao PXOM e non ao PEP, que non ten capacidade para modificar tal determinación do PXOM.

2. En consecuencia co indicado no punto anterior a proposta non procede e requiriría da Modificación do PXOM vixente.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

-Alegación presentada por D. Jorge Groba Castro no Rexistro xeral da XMU o día 14.06.2013 (doc. 130070824)

Contido da alegación: Solicita un axuste na delimitación entre as parcelas P-42 e P-44 (Colexio Infantil Mestres Goldar) para facilitar que as superficies afectadas sexan as mesmas e posibilitar unha futura permuta co Concello para ampliar o equipamento escolar como se propón no Plan Especial.

Informe: A cuestión formulada é un tema de axuste do replanteo da delimitación entre o PEP e o ámbito de solo urbano non consolidado APR A-4-64 PARDARILLA1. Segundo os datos utilizados no PEP a delimitación do ámbito incluíría a totalidade da parcela P-42, referencia catastral 2932508NG2723S. A proposta formulada polo alegante podería alterar a delimitación que figura no PXOM e non parece xustificable modificar dita delimitación unicamente polo feito de igualar as superficies cuxa permuta propón. Máis aló de que podera resultar, de ser o caso, do interese municipal adquirir por permuta os terreos referidos polo alegante, o certo é que elo non constitúe por si mesmo un criterio ou determinación urbanística considerable na delimitación do PEP.

PROPOSTA: Desestimar a alegación, sen prexuízo de tomar coñecemento da dispoñibilidade manifestada polo alegante a permutar os terreos referidos como súa propiedade na dita alegación con outros bens do PMS, o que permitiría (previa tramitación do oportuno procedemento e comprobación do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos) a obtención da parcela P-42 (Ref. Catastral 2932508NG2723S), cualificada polo PEP como dotacional educativo para ampliación da escola unitaria Mestres Goldar.

-Alegación presentada pola entidade "ASPANAEX" no Rexistro xeral da XMU o día 18.06.2013 (doc. 130072129).

Contido da alegación: 1. Solicita que se especifique que se permite o tráfico de autobuses no corredor peonil da Rúa Corredoura e Camiño da Faldriqueira. 2. Que nas franxas de recuado e apantallamento vexetal se permitan accesos de vehículos. 3. Redución das franxas de recuado ao disposto na ordenanza 13 do PXOM: 4 metros ou a terceira parte da altura. 4. Non consideración como fóra de ordenanza o edificio central existente na parcela. 5. Acotación das dúas subparcelas nas que se divide a parcela e que a subparcela sur chegue a 15 metros. 6. Aclarar as cotas que figuran nas seccións da beirarrúa de Mestres Goldar e da cota superior na sección da subparcela sur.

Informe: 1 e 2. A conveniencia de mellorar os accesos e aparcamentos ao equipamento privado de ASPANAEX resulta lóxica: a propia actividade educativa xera un tráfico peonil e de vehículos que unido á situación e topografía da parcela en certos momentos do día pode resultar problemática. Na actualidade existe unha certa dependencia da Praza da Igrexa e de Mestres Goldar que debería se substituída (como se solicita na alegación) utilizando o acceso desde a Rúa Corredoira. Proponse, nese senso, corrixir o acceso desde a Rúa Corredoura polo Camiño da Faldriqueira rematando o vial cunhas aliñacións en fondo de saco que permita o xiro en 180º antes das escaleiras da Praza da Igrexa. Ademais, especificarase na normativa (art.2.2.4 apartado 5) que no corredor peonil do camiño da Faldriqueira permitírase o tráfico de autobuses e o acceso rodado á parcela de Aspanaex.

3. Os recuados establecidos con carácter xeral no PXOM para as parcelas de equipamento enténdense como mínimos, o que, no caso do Plan Especial do Monte da Mina matizáronse, incrementándose en función do estudo paisaxístico e de visuais e dos obxectivos de protección. Por outra banda, as áreas de movemento da edificación entendéronse con suficiente capacidade para permitir un volume edificatorio razoable e que non produza un impacto paisaxístico excesivo. Non obstante, e para evitar a afección sobre o edificio existente na parte intermedia na parcela, que se cita no punto 2 da alegación, proponse corrixir a 4 metros o recuado no tramo de fachada dese edificio intermedio polo Camiño de Faldriqueira, mantendo o resto de recuados como a aprobación inicial.

4. Non foi intención do PEP deixar en situación de fóra de ordenanza o edificio existente na zona intermedia na parcela, e da información gráfica en sección así parece deducirse. Sen embargo o recuado polo Camiño da Faldriqueira afectaría ao edificio existente tan só por un metro, polo que se propón incluílo na ordenación, reducindo o recuado, de 6 a 4 metros por ese lindeiro, unicamente no tramo de fachada do edificio intermedio.

5. As dúas subparcelas (Norte e Sur) nas que se dividiu a parcela de ASPANAEX a efectos de ordenación tiñan como principal obxectivo provocar un edificio fragmentado volumetricamente, se ben é certo que a

subparcela sur, cun fronte de 8 metros como se formulou na aprobación inicial resultaba cunha cruzía limitada para un edificio cun programa asistencial ou residencial, polo que propónse corríxirse e acoutarse a 12 metros.

Non obstante, debe salientarse que por esixencia da Dirección Xeral do Patrimonio da Consellería de Cultura, no seu informe recibido en novembro de 2013 e que fai mención expresa da solución de ordenación desta parcela, inclúese na documentación un anexo de estudo paisaxístico das visuals desde o BIC do parque e Pazo de Castrelos. En virtude de dito estudo e da observación formulada pola Consellería de Cultura, o estudo de integración paisaxística que deberá acompañar calquera proxecto básico de construción nesta parcela deberá ser sometido a informe da Consellería de Cultura, polo que calquera intervención sobre esta parcela está sometida ao informe favorable de ese organismo en función da protección do patrimonio cultural, consonte ao apartado 10 do artigo 3.6.3 da normativa do propio PEP.

6. Comprobados os erros materiais de acoutación das seccións que se poñen de manifesto na alegación debe procederse á súa corrección, sen prexuízo de que, como se indica na normativa (punto 3.6.3.5.) "As cotas que figuran en ditas seccións deben considerarse susceptibles de precisión a partir de levantamentos topográficos máis detallados".

Con motivo desta alegación efectuouse unha comprobación por parte dos servizos de topografía municipal que amosaron que as cotas de rasante da praza da igrexa que figuraron na documentación con aprobación inicial son sensiblemente correctos. Non así a cota +56,80 que figurou na sección da ordenanza MM.AP subparcela sur no plano P 02 na aprobación inicial, e que efectivamente debe considerarse un erro material, que procédese a corríxir nos planos de sección poñendo +64,50, sen prexuízo de que, como se indica na normativa (punto 3.6.3.5.) "As cotas que figuran en ditas seccións deben considerarse susceptibles de precisión a partir de levantamentos topográficos máis detallados."

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no seguinte senso: 1 e 2: Corrixir o acceso desde a Rúa Corredoura polo Camiño da Faldriqueira rematando o vial cunhas aliñacións en fondo de saco que permitan o xiro en 180º antes das escaleiras da Praza da Igrexa, e especificando na normativa (art. 2.2.4) que no corredor peonil do camiño da Faldriqueira permitírase o tráfico de autobuses e o acceso rodado á parcela de Aspanaex; 3 e 4: Corrixir os recuados obrigatorios na parcela unicamente no tramo de fachada ao camiño da Faldriqueira do edificio existente intermedio, que pasa ao mínimo de 4 metros, mantendo os demais como a aprobación inicial; 5: Acoutar a división entre as dúas subparcelas Norte e Sur, fixando na sur unha cota de 12 metros na fachada a Corredoura, 6. Corrixir as acoutacións erróneas no plano de seccións.

-Alegación presentada por D. Guillermo Lago Davila e outros no Rexistro xeral da XMU o día 20.06.2013 (doc. 130073326)

Contido da alegación: 1. Importancia do vial alternativo, que debe considerarse prioritario, axústalo ao camiño existente tamén no tramo entre o Cemiterio e o Camiño de Cruceiro, inverter a sección proposta entre a calzada de vehículos e o carril peonil-bicis, e debuxar na ordenación en liña continua. 2. Desconformidade coa normativa na AR Area Residencial no relativo a condominios obrigatorios, inclusión da parcela P-20, P-21 e P-22 no condominio C1, proposta de completar o vial intermedio dende a conexión con Mestres Goldar que permitiría a supresión das zonas de condominio, proposta de aplicación da Ordenanza 10 a todas as parcelas da zona residencial, consolidadas ou non.

Informe: 1. Na Memoria Xustificativa do PEP expóñense con claridade as condicións para a execución deste Vial: Con independencia da súa conveniencia, que no se pon en dúbida, desde o punto de vista económico non parece o momento máis idóneo, e desde o punto de vista do tráfico non se estima inmediatamente necesario. Ademais, en todo caso o proxecto de urbanización que se redacte deberá

superar os controis medioambientais e arqueolóxicos necesarios. O Plan Especial, polo tanto, posibilita a execución dese vial en calquera momento desde a aprobación definitiva, e incluso formula unhas propostas indicativas ao proxecto de urbanización para mellorar a súa integración e coadjuvar coas medidas de protección. En canto á sección indicativa que se formulou na aprobación inicial é certo que posiblemente melloraría coa proposta da alegación de inverter o carril rodado e peonil, polo que se acepta e se corríxe, con independencia de que non se trata máis que dunha indicación a concretar no Proxecto. Por esa mesma razón, e para sinalar a marxe de manobra que o Proxecto de Urbanización debe ter para axustarse á topografía e demais circunstancias singulares neste caso, debuxouse no Plan Especial a trazos descontinuos o vial no Plano de ordenación, para evitar futuras interpretacións excesivamente ríxidas. Non é intención deste PEP concretar ao milímetro o trazado e características construtivas do vial, correspondendo esa misión ao futuro Proxecto de Urbanización.

2 A ordenación que figurou na aprobación inicial do Plan Especial partiu do coñecemento do parcelario e estrutura de propiedade ao que se tivo acceso. O denominado nalgún momento na Memoria Informativa "Camiño intermedio" entre Mestres Goldar e Camiño da Xiña comprobouse que non se trataba dun vial público incluído no inventario municipal de viais, tratándose máis probablemente dunha servidume de paso de propiedade privada, carecendo de servizos urbanísticos. A conversión dese camiño nun vial público precisaría da cesión e urbanización integral, e podería poñer en dúbida a categorización como Solo Urbano Consolidado dos terreos (art. 12 da LOUGA). En efecto, a condición solo urbano consolidado unicamente corresponde a aqueles terreos que "polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico poden adquirir a condición de solar mediante obras accesorias e de pequena entidade que poden executarse simultaneamente coa edificación ou construción" (art. 12. a LOUGA).

Unha proposta de urbanización integral dun novo vial inexistente na actualidade, como a que se fai na alegación, non se trata, evidentemente, dunha pequena obra accesoria de pequena entidade, e, xa que logo, ten que descartarse.

O acceso existente desde a Rúa Mestres Goldar, e que foi recollido na aprobación inicial coas súas aliñacións existentes, resulta na súa situación actual insuficiente en sección e pendente para servir de soporte a novos solares.

Sen embargo parece correcto o manifestado na alegación con respecto á parcela P-20 situada con fronte a Mestres Goldar consolidada cunha edificación existente que figura nas cartografías históricas. A súa inclusión na zona de condominios non quedaría pois xustificada nin parece adecuada para resolver a ordenación, polo que, xa que logo debe ser excluída para o seu mantemento coa ordenanza de edificacións consolidadas.

Por este motivo, e atendendo as razóns expostas na alegación, corríxese a proposta de ordenación excluindo da zona de condominios as parcelas con fronte a Mestres Goldar P-20, P-21e P-36, reducindo as zonas de condominios C1 e C2 que unicamente adquirirán a condición de solar ampliando a sección e reducindo a pendente deste vial existente de acceso desde a Rúa Mestres Goldar cunha nova proposta de aliñacións que se inclúe agora na documentación.

De todos os xeitos considérase conveniente manter dúas zonas de condominios: o C1 constituído polas parcelas P-23, P-24, P-26, P-27 e P- 29, e o C2 constituído polas parcelas P-34 e P-37, que poden adquirir a condición de solar co viario ampliado proposto a partires da súas propias cesións, e non precisan de parcelacións complexas, correspondéndose a agrupacións de propiedades familiares. Do mesmo xeito enténdese razoable manter a limitación dos sólidos máximos de 12 x 12 metros dirixidas a manter unha escala da agrupación cuns volumes axeitados.

Ademais o acceso existente desde a Rúa Mestres Goldar resulta na actualidade insuficiente en sección e cunha pendente excesiva, incumprindo a normativa de accesibilidade e de supresión de barreiras arquitectónicas. Por esa razón descartouse finalmente a alternativa de considerar dito camiño intermedio como soporte dunha posible parcelación, como se propón na alegación, e optouse pola solución,

contemplada na normativa do PXOM, de formular as zonas de condominios, todos eles con fronte á rúa Mestres Goldar.

En canto á proposta de aplicación da ordenanza 10, establecida transitoriamente polo PXOM a todas as edificacións existentes e futuras no ámbito, debe matizarse o seguinte: o documento aprobado inicialmente propoñía que a edificación existente non catalogada quedase simplemente consolidada nas condicións volumétricas, non permitíndose obras novas, de reconstrución ou ampliación, coa idea de que esta sería a mellor opción de cara á protección do conxunto.

Sen embargo, as razóns expostas na alegación, xunto coas observacións formuladas pola Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, no seu informe de novembro de 2013, fan recomendable que se regulen as condicións de ordenación para os casos de obras de nova edificación no ámbito nunhas ordenanzas particulares que, en efecto, toman como referencia a Ordenanza 10 do PXOM. As maiores limitacións que se inclúen na Ordenanza particular R con relación á ordenanza 10, de cara á protección do ámbito son: prohibición de novas parcelacións e agrupacións, limitación de alturas de cornixas segundo as seccións orientativas do estudo de visibilidade e as alturas existentes (sen asomar por riba das visuais desde o Pazo e o Parque de Castrelos), limitación da ocupación a un sólido de 12x12m e condicións estéticas.

Así mesmo, e atendendo á Consellería de Cultura, identificáronse unha serie de elementos discordantes no ámbito desde o punto de vista do impacto visual e paisaxístico, cunha serie de medidas correctoras a ter en conta no momento da concesión de obras nova planta, ampliación, substitución e de reestruturación xeral sobre as súas parcelas.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no senso de corrixir a zona de condominios, excluíndo as parcelas P-20, P-21 e P-36 corrixindo a delimitación dos condominios C1 e C2, e modificando a sección indicativa do vial a media ladeira cambiando a disposición do vial peonil e a calzada como figurou na aprobación inicial. Tamén establecendo unha ordenanza particular que toma como referencia a ordenanza 10 do PXOM. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

-Alegación presentada por D. Juan Freiría Barros, en representación da Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos, no Rexistro xeral da XMU o día 21.06.2013 (doc. 130073558)

Contido da alegación: 1. Solicita modificar a sección do vial a media ladeira situando o carril peonil-bici na zona máis alta para evitar desmontes. 2. Flexibilidade na restrición de tráfico en Mestres Goldar para permitir o tráfico de servizos relixiosos, cemiterio, establecementos públicos :escola, bodegón e Aspanaex. 3. Urxente prioridade do vial a media ladeira entre a Xiña e Cruceiro. 4. Dotación de aparcamentos para profesores e usuarios cando se conceda licenza de ampliación de ASPANAEX. 5. Desconformidade coa desaparición da actual zona de aparcamento do edificio da Asociación e coa proposta de utilización como vial de acceso ao campo de fútbol.

Informe: 1. En canto á sección indicativa que se formulou na aprobación inicial é certo que posiblemente melloraría coa proposta da alegación de inverter o carril rodado e peonil, polo que se acepta e se corrixe (xa estimado na alegación nº. 12) , con independencia de que non se trata máis que unha indicación a concretar no Proxecto de Urbanización.

2. Non é o cometido deste Plan Especial urbanístico formular unha regulación estrita do tráfico. Non obstante a suxestión que se fai no PEP, a partir dos criterios do PXOM e do estudo de tráfico realizado, de restrinxir o tráfico rodado na Rúa Mestres Goldar debe matizarse, en efecto, no senso que se solicita na alegación. Procede aclarar, xa que logo, no artigo 2.2.4.4 da Normativa que a restrición de tráfico en Mestres Goldar deberá permitir os servizos relixiosos e, do cemiterio, escolares, comerciais e residentes dese tramo de rúa. Fundamentalmente se trataría de restrinxir o tráfico pasante xunto a ábsida da Igrexa.

3. Na Memoria Xustificativa do PEP expóñense con claridade as condicións para a execución deste Vial: Con independencia da súa conveniencia, que no se pon en dúbida, desde o punto de vista económico non parece o momento máis idóneo, e desde o punto de vista do tráfico non se estima inmediatamente necesario. Ademais, en todo caso o proxecto de urbanización que se redacte deberá superar os controis medioambientais e arqueolóxicos necesarios. O Plan Especial, polo tanto, posibilita a execución dese vial en

calquera momento desde a aprobación definitiva, e incluso formula unhas propostas indicativas ao proxecto de urbanización para mellorara súa integración e coadruar coas medidas de protección.

4. En canto aos aparcamentos para profesores, traballadores e usuarios parece pouco apropiado situalos na vía pública na Rúa Corredoura e (fronte ao Pazo de Castrelos) nin na subida do Camiño coñecida tamén como camiño da Faldriqueira, dado o obxectivo do Plan Especial de Protección de conexión visual e peonil entre o Pazo e o Conxunto Parroquial, polo que parece razoable que se resolvan no interior da propia parcela de ASPANAEX. Por unha banda o propio PXOM esixe na Ordenanza de equipamento (e así se deberá dotar nas licenzas de construción que se outorguen na parcela), unha dotación mínima de 2 prazas de aparcamento por cada 100 m² construídos. Ademais farase constar na Ordenanza particular 2.2.4.5. a posibilidade de accesos de vehículos e autobuses pola Rúa Faldriqueira, e no artigo 3.6.3.2. da ordenanza 6 do PEP Aba de Poñente (AP) a posibilidade de zonas sen vexetación na liña arborada para accesos de vehículos á parcela.

5. A proposta de nova dotación de aparcamentos parte do obxectivo da recuperación da maior superficie posible arborada e naturalizada na parte alta do Monte da Mina. Sen embargo non se trata dunha proposta de ordenación pechada. En concreto no punto 2 da Memoria Xustificativa díse:

A dotación estimada de aparcadoiros é de 72 prazas en superficie, que permitirían, de forma gradual, a substitución das prazas equivalentes actuais e a recuperación do uso recreativo nas zonas do Monte destinadas a este uso; ademais existe a posibilidade de establecer unhas 200 prazas baixo as instalacións do campo de fútbol.

E na Normativa (artigo 3.4.2.) especifícase:

"c. Subárea de infraestruturas e servizos:

Na zona de monte grafiada nos planos de ordenación cunha trama superposta a trazos ondulados sobre a trama de monte público, autorízanse as reservas para aparcamentos ao servizo do uso recreativo e dotacional do ámbito. As ditas reservas de aparcamento proxectarase mediante técnicas que permitan a súa integración paisaxística na contorna. Os proxectos de obras para estas zonas de aparcamento integrarán a vexetación, tanto no seu firme, mediante a utilización de rellas autodrenantes, como en superficie, mediante a plantación dunha árbore (especie a empregar *Carpinus betula*) para o aporte de sombra cada 5 prazas."

Malia que esta alegación podera ser desestimada por extemporánea, foi recibida antes da elaboración do presente informe, e atendido o solicitado, desde un punto de vista técnico enténdese conveniente a súa consideración.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación nos seus puntos 1 (Modificando a sección indicativa do vial intermedio), 2 (Introducindo unha aclaración no punto 2.2.4.4. da normativa sobre que a restrición de tráfico deberá permitir os servizos relixiosos e, do cemiterio, escolares, comerciais e residentes dese tramo de rúa), e 4 referente á precisión sobre os aparcamentos para usuarios e profesores da parcela de ASPANAEX, que deben resolverse no interior da parcela, segundo a dotación esixible na ordenanza 13 do PXOM coas precisións que se introducen na normativa particular 2.2.4.5. e 3.3.6.2., desestimando os demais puntos da alegación.

-Alegación presentada por D. Antonio Silveira Pérez no Rexistro xeral da XMU o día 21.08.2013 (doc. 130097309)

Contido da alegación: Considera un erro que unha única parcela apareza con tres cualificacións distintas: unha dentro do PEP na zona NC e na zona R de conxunto residencial. Outra: solicita que se inclúa a a totalidade da parcela catastral no Plan Especial.

Informe: Malia que esta alegación é extemporánea, dado que foi recibida antes de redactar o informe de contestación de alegacións, foi obxecto de informe.

O feito de que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo non inclúa no Plan Especial de Protección non pode considerarse un erro: no que se refire á parcela catastral 2734911NG2723S (denominada P-7 no PEP) o Plan Xeral de Ordenación Municipal unicamente inclúe no ámbito do Plan Especial de protección do Monte da Mina a superficie ocupada pola casa reitoral, un total de 335 m² dos 787 m² totais da parcela, quedando o resto de 452 m² categorizados como Solo Urbano non consolidado incluídos no ámbito APR A 4-62- PAZO a desenvolver mediante un PERI.

O Plan Especial que se tramita é un instrumento de planeamento de desenvolvemento que non ten competencias para modificar a categorización de solo e a delimitación dos ámbitos de planeamento de desenvolvemento nin das áreas de protección.

A proposta do PEP de aplicar dúas ordenanzas a esta parcela non se debe considerar tampouco un erro xa que a normativa particular así o contempla, no artigo 2.1.1: "O Plan Especial divide o seu ámbito territorial en áreas de ordenanza particular, áreas de cautela arqueolóxica e áreas de fragilidade paisaxística. Ditas áreas non son excluíntes entre sí, podendo quedar afectada unha mesma parcela por unha ou varias áreas de ordenanza particular, de protección arqueolóxica e de protección paisaxística". Tamén no artigo 2.1.2. Áreas de Ordenanza Particular deste Plan Especial dise: "1- Estas áreas, que figuran delimitadas no plano de ordenación P-01, poden solaparse entre sí de tal xeito que en cada parcela deberán cumprirse as determinacións do PXOM, as xerais propias deste Plan Especial e as particulares da área ou áreas de ordenanza particular deste Plan Especial nas que estea incluída" Isto é o que en realidade ocorre nesta parcela P-7, que segundo o cadro que figura no final da Normativa deberá cumprir as Ordenanzas Particulares MM NC (Núcleo Central Parroquial), MM PA3 (Protección Arqueolóxica) e MM R (Conxunto Residencial Mestres Goldar).

PROPOSTA: Desestimar a alegación

IV. tramitación procedimental.

De conformidade co disposto no artigo 86 da LOUGA, atendida a Resolución do 15.06.2012 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental, o Plan Especial inicialmente aprobado o día 15.03.2013 pola Xunta de Goberno Local, someteuse a información pública por prazo dun mes mediante anuncio en Faro de Vigo (páx. 7) e Atlántico Diario (páx.11) o día 12.04.2013 e no DOG nº. 94, do 20.05.2013. Tamén practicáronse as notificacións individualizadas aos titulares catastrais, obrando no expediente o informe favorable do 25.09.2014 da Directora xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Como consecuencia dos informes emitidos pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural en datas 18.11.2013 (desfavorable) e 25.09.2013 (favorable), os servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron a versión V2 datada en febreiro de 2014 (como versión para aprobación definitiva) na que se incorporan as modificacións requiridas pola dita Administración sectorial. No dito documento incorporáronse, así mesmo, as modificacións derivadas da proposta de estimación das alegacións presentadas segundo o informe de contestación emitido o día 13.10.2014.

Cumpridos os trámites sinalados, de conformidade co disposto no artigo 86 da LOUGA, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan especial coas modificacións que foran pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería. Transcorrido este prazo sen que se comunicara o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan especial.

Logo do anterior, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

V. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.c) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU (arts. 10º.1.b) e 3º.1 do Estatutos da XMU).

Por todo o anteriormente exposto, fórmase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU por D^a. Justa García Pérez o día 08.05.2013 (doc. 130051462) e por D^a. M^a. Ángeles García Crispín o día 10.05.2013 (doc. 130053110) no exclusivo senso de tomar coñecemento do comunicado polas alegantes e estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Jorge Groba Castro o día 14.06.2013 (doc. 130070820); pola entidade "ASPANAEX" o día 18.06.2013 (doc. 130072129); por D. Guillermo Lago Davila e outros o día 20.06.2013 (doc. 130073326) e por D. Juan Freiría Barros, en representación da Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos, o día 21.06.2013 (doc. 130073558), de acordo co informe proposta supra transcrito e desestimalas en todo o demais.

SEGUNDO: Desestimar as alegacións presentadas no Rexistro xeral do Concello de Vigo por D^a. Felisa Antonia Silveira Pérez o día 11.05.2013 (doc. 130053683 e doc. 130053684) e por D^a. Felisa F. Carrera Silveira o día 11.05.2013 (doc. 130052685); e no Rexistro xeral da XMU por D. Pedro López Blanco o día 20.05.2013 (doc. 130057466), por D. Santiago Pérez Bouzada, en nome e representación do Obispado de Tui-Vigo, o día 07.06.2013 (doc. 130067680); por D^a. Olga Groba Castro o día 14.06.2013 (doc. 130070821), por D. Jorge Groba Castro o día 14.06.2013 (doc. 130070824) e por D. Antonio Silveira Pérez o día 21.08.2013 (doc. 130097309), de acordo co informe proposta supra transcrito.

TERCEIRO: Aprobar provisionalmente o «PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA», redatado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión na súa versión V2, con data de febreiro de 2014 (exp. 13677/411).

CUARTO: Someter o «PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA» provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería, transcorrido o que, sen que fora comunicado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan especial.

QUINTO: Notificar individualmente aos alegantes o presente acordo, significándolles que é un acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 107.1 in fine da LRXAP-PAC.

Non obstante, o presente informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 24.10.14, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda, por maioría, elevar a anterior proposta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1191).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.